
ESPAÑA
FRANQUEO CONCERTADO
F.C. Nº 15000077

LEITE O Congreso do Leite será o 11 de xuño en Lalín / Relatorio congresual ▸ 11 a 16

MONTES A moratoria dispara as plantacións de eucalipto antes da súa prohibición ▸ 7



DÍA INTERNACIONAL DAS LOITAS LABREGAS

Este 17 de abril, celebramos o 25 aniversario do masacre de Eldorado dos Carajás ▸ 19

FOUCE

Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano XLVII - Nº 334 - Maio-Xuño 2021

O SECTOR DA CARNE RENOVA DIRECCIÓN E ABRE O PROCESO DO X CONGRESO



Coa celebración do Congreso da Carne, coincidindo co 17 de abril, Día Internacional das Loitas Labregas, iniciamos no SLG un proceso que culminará co X Congreso da nosa organización. Desta vez, a afiliación decidiu renovar a Dirección da Carne, que terá como responsábel para os vindeiros catro anos a Samuel Formoso, gandeiro de Vilar de Barrio (Ourense); e a Mari Carme Varela, de Guntín (Lugo), como vicerresponsábel. Cuestións como a reforma da PAC, o decreto de nutrición dos solos agrarios ou os prezos ocuparán, sen dúbida, a súa axenda de traballo. ▸ 8 e 9

EÓLICOS A avalancha de parques eólicos obriga a abrir loitas en varias frontes e concellos de Galiza ▸ 17

NEXT GENERATION Protestas contra a elección das empresas que xestionarán os fondos europeos ▸ 18

sindicato labrego galego
comisións labregas

En marcha cara ao Congreso do Viño trala asemblea do sector

Nas instalacións da Cooperativa Eidosela, en Arbo (Pontevedra), celebrouse a Asemblea Xeral do Viño do SLG, con representantes de todas as denominacións de orixe. A xuntanza serviu para facer unha radiografía da preocupante situación que atravesa o sector e para definir os principais temas que darán contido ao congreso sectorial que se celebrará proximamente ▸ 3 a 5



EDITORIAL

As trampas do Ministerio para que a PAC siga beneficiando os mesmos

A proposta de Política Agraria Común (PAC) que está adiantando o Ministerio de Agricultura volve ter a Galiza como vítima propiciatoria, sendo posiblemente a comunidade máis prexudicada por unha PAC que quere seguir beneficiando terratenentes e grandes grupos empresariais en detrimento de labregos e labregas profesionais.

Nunha xuntanza mantida entre a secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba, e o conselleiro de Medio Rural, José González, o 21 de maio, puidemos coñecer algúns detalles preocupantes da PAC que quere sacar adiante o Ministerio negando, unha vez máis, a posibilidade de participar ou de realizar achegas aos diversos axentes do sector e argallando todo na máis absoluta opacidade. Do que fomos sabendo, o máis preocupante, discriminatorio e lesivo para Galiza é:

■UNHA PARTE MINORITARIA DOS PERCEPTORES SEGUIRÁN ACAPARANDO A MAIOR PARTE DAS AXUDAS

É unha denuncia vella no reparto das axudas da PAC no Estado Español, onde o 20% dos perceptores quedan co 80% dos cartos, e a maioría dos perceptores non cotizan á Seguridade Social como labregos ou labregas nin practican a agricultura a título principal. Para evitar isto, dende a Unión Europea propuxeron poñer un tope máximo por axuda percibida. Para o SLG, ese tope de axudas non debe superar os 60.000 € para a totalidade de axudas.

Polo que sabemos, o Ministerio quere poñer un tope de 200.000 €, pero só para as axudas do pago básico. Por se non abondase, permitiríase descontar gastos como custes laborais e mesmo meter unha porcentaxe de pagos a empresas terceiras. Na práctica, o Ministerio de Agricultura está creando as condicións para que grandes grupos empresariais e terratenentes sigan quedando coa maior parte do pastel da PAC.

■A FIGURA DO AGRICULTOR E DA AGRICULTORA EN ACTIVO

Definir quen é agricultor ou agricultora en activo é esencial para evitar que rendeiros e especuladores se fagan con axudas que deberían ser só para quen se dedique profesionalmente á agricultura. Aquí o Ministerio tamén argallou unha trampa: Non esixirlle os requisitos de agricultor/a xenuíno/a a quen cobre menos de 5.000 € en axudas. Todo amañado para que siga habendo miles de labregos e labregas de verdade sen dereito a cobrar axudas da PAC, ao tempo que persoas que nin cotizan nin se dedican profesionalmente á agricultura seguirán percibindo subvencións só polo feito de ter terras en propiedade.

■TARIFA PLANA POR HECTÁREA DENTRO DUNHA MESMA REXIÓN

Outra das pretensións do Ministerio de Agricultura é que o pago por hectárea sexa o mesmo en cada rexión, o que denominan "converxencia das axudas". Iso vai penalizar, sobre todo, a quen teña menos hectáreas. No Reino de España a grande prexudicada volverá ser Galiza, onde temos unha das menores medias de superficie por explotación. Dende o SLG, defendemos que, de optar polo pago por hectáreas, deberíanse considerar factores como o número de empregos que xera cada hectárea ou o modelo produtivo. É totalmente discriminatorio que se pague o mesmo por hectárea dentro dunha mesma rexión, especialmente na Galiza. Neste senso, o sector lácteo será, probablemente, o que máis perderá de optarse por esta tarifa plana no pago por hectárea dentro da mesma rexión.

■DESVIRTÚAN O PAGO REDISTRIBUTIVO AO LIMITALO POR REXIÓNS

Unha das novidades da nova PAC para facer un reparto máis xusto das axudas era, unha vez posto límite cos topes das axudas, redistribuír o 20% das marxes sobrantes entre o resto de perceptores. Neste caso, a trampa que fai o Ministerio de Agricultura é que esa marxe a redistribuír quede na mesma rexión. Desta maneira, por unha banda trampean -como xa vimos máis arriba- para ampliar todo o posible o tope das axudas; e, por outra, a pouca marxe que poida sobrar para repartir, quedará na mesma rexión (na nova PAC, tamén se quere reducir o número de rexións do Estado, das 52 actuais a 19). Para o SLG, esa redistribución das axudas da PAC debería ir orientada a beneficiar a quen menos cobra ou a quen a PAC marxinase anteriormente, como a mocidade labrega que non ten dereitos históricos para cobrar axudas; ou sectores que nunca se beneficiaron da PAC, como o hortícola ou o vitícola.

Mire por onde se mire, Galiza sempre perde na reforma da PAC do Ministerio de Agricultura. E o peor é que van seguir gañando os de sempre: os grandes grupos empresariais e terratenentes como a Casa de Alba, que xestiona 45.000 hectáreas en catro provincias e dúas comunidades autónomas, a través de sete empresas, polas que ingresa 3 millóns de euros en axudas.

Tódolos contidos deste periódico publícanse baixo licenza Creative Commons Non Comercial / Atribución / Compartir igual
BY NC SA

FOUCE

EDICIÓN
Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servicios Agrarios e Contables SL

CONSELLO EDITORIAL:
Isabel Vilalba Seivane e Conchi Mogo.

COLABORACIÓNS
Margarida Prieto Ledo, Ramón Barreiro, Conchi Mogo e Xulio Fernández

ENDEREZO
Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela
981 554 147
prensa@sindicatolabrego.gal
www.sindicatolabrego.com

COORDINACIÓN
Xosé García Rodríguez

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Xosé García Rodríguez

PECHE DE EDICIÓN 24-05-2021

NACIONAL Ofelia Nieto 13-23, Meixonfrío, Compostela. ☎ 981 554 147
COMPOSTELA Idem Nacional. ☎ 981 588 532
MELIDE Contactar co ☎ 686 936 429
ARZÚA Piñeiral 12, 2º esq. ☎ 981 508 177
SANTA COMBA Aula 9 do Edificio Multiusos. ☎ 699 924 632
ORDES Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908
BETANZOS Cruz Verde 7, esquina praza Dona Agueda. ☎ 981 773 377
TEIXEIRO Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781
MOECHE Casetas da feira de Moeche. ☎ 698 125 154
VALDEORRAS ☎ 630 970 131
RIBADAVIA Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230
XINZO San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547
LUGO Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154
SARRIA Bar Parisien. Calvo Sotelo 180. ☎ 604 027 886
CHANTADA Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804
A FONSAGRADA Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 698 157 379
BECERREÁ Restaurante Boavista. Eulogio Rosón 23. ☎ 604 027 886
RIBADEO Avda. Leopoldo Calvo Sotelo, nº 1 A, 1º E. ☎ 982 130 615
LOURENZÁ Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 698 159 667
VILALBA Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira. ☎ 982 512 431
MEIRA Avenida de Lugo 47-49. Edf. Miño, ent E. ☎ 982 331 714
A ESTRADA Rúa 100, baixo 1. ☎ 986 573 232
LALÍN Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268
PONTEAREAS Av. Galicia. Edif. Costa Gallego 16. Entrechán, of. 6 ☎ 986 641 508
O ROSAL Rúa Ramón Franco 8, Escaleira E, Porta 5 (O Rosal). ☎ 986 625 394
O SALNÉS Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia). ☎ 648 263 009

O Sector do Viño do SLG quenta os motores para preparar o seu congreso

As instalacións da Cooperativa Eidosela, en Arbo (Pontevedra), acolleron a Asemblea Xeral do Viño do Sindicato Labrego Galego, que serviu para trazar as liñas xerais que darán estrutura ao vindeiro congreso do sector, ademais de fixar as principais cuestións e demandas que dende a nosa organización agraria vemos necesarias para defender a viticultura e as adegas de pequena escala que son maioritarias no noso país, pero que, inexplicablemente, están marxinadas das políticas tanto do Ministerio de Agricultura como da Consellaría de Medio Rural.

As encargadas de inaugurar o acto foron a vicepresidenta de Eidosela, **Chicha Dacasa**; a secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba Seivane; e **Ana Rodríguez**, técnica do SLG especialista en políticas europeas, que explicou a posición da viticultura galega diante da reforma da Política Agraria Común (PAC). Neste senso, **Isabel Vilalba** criticou que "*esta PAC non é para nós. Nós precisamos unha política agraria adaptada ao que somos, ao que facemos no noso territorio. Hai un tempo demandamos unha proposta propia para o territorio galego, feita dende aquí do mesmo xeito que outros territorios fan as súas propostas adaptadas á súa realidade. Pero desbotouse por parte da Consellaría de Medio Rural. A proposta fixémola nunha xuntanza na que tamén estaban as outras organizacións agrarias e as cooperativas, pero ninguén nos apoiou*".

Así, agora Galiza terá que pelexar dentro dun plan estatal no que, normalmente, levamos sempre as de perder, xa que as que deciden as políticas son as comunidades cun sector vitícola máis industrializado e intensivo. Neste senso, o ministro de Agricultura, Luís Planas, defende que as hectáreas deben subvencionarse igual en todos os territorios, o cal non ten nin pés nin cabeza porque a realidade de comunidades como Galiza ou Estremadura son radicalmente distintas.

"*O propio sector debería esixir con forza isto dende todas as frontes*", animou Isabel Vilalba, "*debería dar ese debate para defender o noso modelo de agricultura familiar, con viñedos de poucas hectáreas. Nós precisamos unha política agraria que apoie os proxectos que hai e proxectos futuros que apoien a incorporación de xente nova. É importante que o sector debata sobre que modelo vitícola quere para o futuro: Se un modelo con moita xente e moito emprego, coa riqueza repartida; ou aquel que se está promovendo de grandes adegas e empresas que van acaparándoo todo*".



Isabel Vilalba Seivane foi moi crítica cunha Política Agraria Común que exclúe a viticultura galega

Un Plan Vitivinícola Español no que Galiza non pinta nada

Ao fío do acaparamento de viñedos denunciado por Isabel Vilalba, **Xosé Manuel Parente**, coordinador do SLG na rexión norte da provincia de Ourense e dinamizador do Sector do Viño, fixo unha análise polo miúdo do sistema de axudas vitivinícolas na Galiza e no Estado e a quen benefician maioritariamente.

En primeiro lugar debullou o Plan de Apoio ao Sector Vitivinícola Español, do Ministerio de Agricultura (Pasve), que "*non ten en conta para nada o noso modelo de viticultura nin a nosa realidade. Trátase de axudas para rexións onde hai grandes extensións de viñedo como Castela A Mancha ou Estremadura*".

Outro eido no que Galiza é discriminada é no reparto dos dereitos de nova plantación. En 2020, por exemplo, autorizáronse 4.750 novas hectáreas de viñedo para todo o Estado. Desas, a Galiza correspondéronlle 43 hectáreas (o 0'9% da superficie). Esas 43 hectáreas repartíronse do seguinte xeito: Case 3 para Monterrei, 30 para Rías Baixas, 2,2 para O Ribeiro, 2,6 para a Ribeira Sacra, 4 para Valdeorras, uns 6 ferrados para o Barbanza e 14 ferrados para o Morrazo. 2019 non foi mellor, con 47 hectáreas para Galiza das 5.000 que se repartiron.

Xosé Manuel Parente achaca esta discriminación no reparto de dereitos de nova plantación a varios factores: a normativa non se adapta á realidade galega, a tramitación é moi longa e complexa, os dereitos que veñen da reserva estatal non reciben subvencións para plantar e o criterio que beneficia no reparto a explotacións de escasa superficie (entre 0'5 e 1,7 hectáreas) deixa fóra á maioría das explotacións vitícolas profesionais galegas ao superar ese baremo.

SEGUE ▸

As medidas para paliar a crise da Covid: Auga de castañas

Seguindo co problema das políticas discriminatorias no sector do viño, as axudas do Ministerio de Agricultura para paliar as perdas provocadas pola Covid-19 afondan nesta desigualdade. Como xa se informou no Fouce, habilitouse unha partida de 90 millóns de euros para este fin. As medidas subvencionadas foron poda en verde (10 millóns de euros), destilación de crise (65 millóns) e almacenamento privado (15 millóns). Na Galiza, houbo sete solicitudes para poda en verde (6 en Rías Baixas e 1 en Monterrei) en 10 hectáreas que supuxeron 80.000 euros en axudas; ningunha solicitude para destilación de crise; e dez solicitudes para almacenamento privado (4 en Rías Baixas, 2 no Ribeiro, 2 en Ribeira Sacra 1 en Monterrei, 1 en Valdeorras), almacenándose 27.000 hectolitros por 155.000 euros. En total, dos 90 millóns a repartir, en Galiza quedaron 235.000 euros. En canto ás axudas da Xunta para paliar a crise, limitáronse a crear a campaña publicitaria de Mercaproximidade que consistiu, basicamente, en poñerlles un adhesivo promocional aos viños galegos que xa estaban á venda nos supermercados.



Xosé Manuel Parente analizou as redes empresariais que están a acaparar a maior parte das axudas destinadas ao sector vitivinícola galego

Redes empresariais creadas para acaparar axudas públicas coa complicidade da Xunta

No caso da Galiza, Xosé Manuel Parente analizou a fondo como o reparto de axudas que fai a Consellaría de Medio Rural -axudas a reestruturación, comercialización en terceiros países e investimentos en adegas- está concentra a maior parte deses cartos nunhas poucas grandes empresas que, grazas a este apoio con recursos públicos, están a acaparar cada vez máis viñedos e máis mercado en detrimento da maioría do sector. Esta cuestión xa foi analizada polo miúdo en varias reportaxes de Fouce nos números 326 (*Xogando ao Monopoly coa viticultura galega*. Páxs. 4 a 8), 332 (*Quince adegas e empresas acaparan o 50% das axudas vitivinícolas de 2020*. Páxs. 16 e 17), 330 (*10 adegas acaparan o 60% das axudas de Medio Rural ao sector vitivinícola de 2019*. Páx. 15) e 318 (*Unha adega da Rioxa acapara o 21% das axudas para plantar viñedo na Galiza*. Páx. 13).



Afondando máis no tema, Parente revelou a existencia de redes empresariais para acaparar axudas con exemplos como as empresas Viñedos de Outeiro SL, Terrazas de Outeiro SL e Tourgalia Gestion SL, tres empresas diferentes co mesmo domicilio en Quiroga (Ribeira Sacra) e sen vencellos co sector vitivinícola (o seu propietario e a súa propietaria teñen empresas no sector inmobiliario, segundo o rexistro mercantil). Por orde, fóronlles concedidas axudas para plantar 9,9 hectáreas (108.718 €), 6 hectáreas (67.331 €) e 1,3 hectáreas (case 15.000 €). Isto demostra que se están a crear redes empresariais para acaparar axudas e poder superar o límite máximo de plantar 10 hectáreas por beneficiario.

Outro exemplo de rede empresarial que supera o límite de plantación de dez hectáreas na última convocatoria de axudas témolo con Señorío de Rubiós: A Señorío de Rubiós SL concedéronselle 166.838 € para plantar 10 hectáreas, e a Servicios Agrícolas San Juan de Rubiós, empresa coa que comparte domicilio, 89.655 € para plantar 5,2 hectáreas a maiores.

"*Si hai cartos para a viticultura, a pesares de que non teñamos dereito á PAC*", explicou Xosé Manuel Parente. "*O problema é como se están a repartir e a quen están a beneficiar. Búscase a maneira de que o groso dos cartos vaia sempre para as mesmas empresas, para aquelas que poden pagar persoal para xestionar a enorme carga burocrática e asumir os compromisos que supón solicitar e recibir a axuda. A maioría dos pequenos viticultores renuncia a solicitar estas axudas porque non poden asumir o traballo burocrático nin as condicións e compromisos esixidos*".

SEGUE ▸

A necesidade de facer políticas labregas adaptadas á realidade de cada zona vinícola



Na fase final da asemblea, falaron os nosos representantes nas diversas denominacións de orixe e consellos reguladores vinícolas da Galiza. Unha das voces máis críticas foi a de **Bernardo Estévez**, actual responsábel do sector que ten os viñedos e a adega en Arnoia (Ribeiro). "*Se preguntades ás grandes adegas, diranvos que a cousa vai ben, que aumentan as vendas, que aumentan as plantacións, que se xeran postos de traballo, riqueza... Pero se o miras dende o punto de vista que nos debe interesar, pensando en factores como a fixación de poboación no rural, a incorporación de mozos e mozas, revitalización do agro, daquela a visión é totalmente negativa. Esta diagnose é válida para toda a provincia de Ourense, non só para o Ribeiro*".

Estévez centrou as súas críticas nos consellos reguladores. "*Nun principio, os consellos reguladores dependían do público e estaban aí para regular unha comarca, para xestionar e intervir no seu tecido socio-económico. Agora son, simplemente, asociacións de empresarios. E iso a min non me representa. Os consellos reguladores non son todo o problema, pero son parte do problema. Hoxe en día, os consellos reguladores son ferramentas das grandes empresas e corporacións. E hai unha conxunción entre consello regulador, Consellaría de Medio Rural, empresariado e políticos que, a día de hoxe, é moi difícil de desmontar. Se non comezamos a desenlear toda esa trama, vai ser moi complicado facer cousas porque, as pequenas adegas e a pequena viticultura estamos excluídas dos orzamentos e das axudas para o sector. O problema non é só que nós non poidamos acceder a esas axudas; o problema é que os grandes acaparan eses recursos financeiros e, de ser grandes, pasan a ser moi, moi grandes; e nós cada vez máis pequenos*".

Nisto último incidiu **Xico de Mandín** (Monterrei) quen botou de menos "*unha política agraria galega e labrega por parte da Xunta e definir que viticultura queremos en Monterrei*". Neste senso, preguntouse: " *Queremos viticultura para grandes empresarios con moita superficie? Ou queremos que haxa xente nova con empregos estábeis e asentada no territorio, que viva no rural? Como SLG, temos que deseñar as políticas labregas que queremos para cada zona porque a Xunta non fai política para os labregos e as labregas, faina para xente que quere gañar cartos doados e especular coa terra*".

Primitivo Lareu, da Ribeira Sacra, amosou o seu acordo coas palabras de Xico, subliñando que "*un dos retos máis importantes ao que nos enfrontamos na Ribeira Sacra é o abandono de zonas vitícolas de grande calidade e excelencia e, neste momento, dende o consello regulador non hai nada feito para contrarrestar ese abandono*". Precisamente, dada a extrema dificultade da viticultura en socalcos que predomina na Ribeira Sacra, "*cómpren políticas labregas específicas para cada zona, que atendan as dificultades propias de cada territorio. Do contrario, as pequenas adegas terminarán por desaparecer, deixando o campo aberto para que desembarquen grandes grupos empresariais*".

Pola súa banda, **Manuel Carrera**, viticultor en Rías Baixas, debuxou un panorama moi distinto na denominación de orixe a beiras do Atlántico, xa que o seu forte pulo comercial fai que a uva se pague a prezos razoables e, agora mesmo, non se estea a abandonar viñedo. Tamén explicou que, paredes cara a dentro do consello regulador, onde exerce de vogal do SLG, "*os grandes fan presión para aumentar superficie e rendementos, pero no consello estase restrinxindo ao mínimo a incorporación de nova superficie á denominación de orixe*".

Eidosela, unha cooperativa que aposta pola calidade e o afianzamento no mercado



Finalmente, temos que agradecer a cálida acollida que nos brindou a Cooperativa Eidosela. Tivemos como invitados a súa vicepresidenta, **Chicha Dacasa**, e o seu presidente, **Lázaro Gándara**. Ambos explicáronos o funcionamento desta empresa social formada por sesenta socios e socias, con pequenas propiedades que van dos 2.500 metros de viñedo (o mínimo para poder formar parte da cooperativa) até as tres hectáreas. En total, sesenta hectáreas. Diante da dicotomía de se medrar horizontalmente, acollendo máis persoas socias e máis superficie, ou verticalmente, maximizando o aproveitamento da produción que xa teñen, elixiron a segunda opción. Ese medre vertical traduciuse nunha ampla diversificación da oferta e da calidade do produto final, facéndose fortes na comercialización, con oito marcas de viño entre as que se atopan tres de espumoso; e cunhas amplas instalacións en Eidos de Abaixo (parroquia de Sela) nas que, ademais da adega, contan cun salón de actos, oficinas e sala de exposicións, entre outros servizos. **FIN ■**

IMPOSTOS ▸ En resposta ás reclamacións interpostas polos servizos xurídicos do Sindicato Labrego diante do Tribunal Económico Administrativo Rexional de Galiza

A Xustiza volve fallar contra a tributación na transmisión de dereitos de pago único

A Axencia Tributaria gravaba como ganancia patrimonial o trasvase destes dereitos de pago único entre cónxuxes

O 17 de marzo, o Tribunal Económico-Administrativo Rexional de Galiza (TEAR-G) resolveu a favor do Sindicato Labrego Galego nas reclamacións interpostas contra as liquidacións de IRPF polas transmisións de dereitos de pago único entre cónxuxes casados en réxime de gananciais.

Dende os servizos xurídicos do SLG alegouse, no seu día, que non había unha ganancia patrimonial, tal como pretendía a Axencia Tributaria. Isto é así porque as transmisións de dereitos de pago único dentro do núcleo familiar facíanse sen intercambio económico e permanecían dentro da mesma unidade familiar, pois as explotacións nas que se viñan producindo estas situacións eran de base familiar, realizando as transmisións para que continuase a actividade das mesmas en lugar de pechar. Deste xeito, déronse numerosos casos nos que a Axencia Tributaria revisou as declaracións de IRPF das persoas que se xubilaron e transferiron os dereitos de pago único dentro do núcleo familiar, en favor de cónxuxes ou de fillos e fillas, esixíndolles en todos os casos tributar por unhas ganancias patrimoniais que nunca se chegaron a producir.

Malia ter feito alegacións e recursos no seu momento, os órganos da Axencia Tributaria non as tiveron en conta, e obrigaron ás persoas que estaban nesa situación a pagar cantidades importantes de diñeiro, e logo impugnar as resolucións ante o Tribunal Económico-Administrativo, que tardou case tres anos en resolver os primeiros casos.

Novo revés a Facenda tralas demandas por incorporacións

Non é a primeira ocasión na que Facenda do Estado recibe unha resolución contraria ao seu criterio pola forma de pagar os impostos nas explotacións labregas, pois algo semellante aconteceu coas axudas de primeira incorporación á actividade agraria, nas que finalmente se acolleron os recursos presentados polo Sindicato Labrego Galego, conseguindo que as persoas que se incorporaban á actividade non tivesen que pagar mais do que lle correspondía.



Dende o SLG levamos anos reclamando un sistema impositivo xusto para a xente máis nova. Na imaxe, detalle da manifestación organizada polo SLG o 9 de novembro de 2017

Xerro de auga fría coa cesión de dereitos de pais e nais a fillos e fillas

A mediados de maio, o mesmo TEAR-G resolveu que, cando as transmisións se realizan de pais ou nais a fillos ou fillas, deben ser consideradas como unha ganancia patrimonial, de maneira que obrigan a tributar á persoa que cede a titularidade da explotación ao seu ou á súa descendente

Para o SLG, esta resolución, ademais de ser inxusta, torpedea o relevo xeracional na profesión agraria, que está a sufrir unha aguda crise por envellecemento na Galiza. Cómpre salientar o feito de que, no sector bovino (lácteo e vacún de carne) a principal maneira de incorporarse é por transmisión de pais e nais a fillos e fillas, xa que as dimensións dunha granxa rendible hoxe en día fan practicamente imposible o investimento necesario para poder comezar dende cero na actividade.

Neste caso, a AEAT entende que se produce unha ganancia patrimonial pola que obriga a tributar á persoa que cede a titularidade da explotación, aínda que dita ganancia non se produce realmente, pois trátase dunha cesión dentro do ámbito familiar sen que haxa contraprestación económica.

Diante disto, dende o Sindicato Labrego decidimos levar esta cuestión ao Consello Agrario Galego para que realice unha reclamación unánime á Axencia Tributaria de cara a retirar a obriga de tributar ás cesións de dereitos da PAC de pais e nais a fillos e fillas por ser totalmente inxusta, ademais dun lastre para o necesario proceso de rexuvenecemento do noso agro e medio rural a través da incorporación de mozos e mozas á profesión agraria.

FORESTAL ▸ O incremento é tan grande que os viveiros están a ter problemas para dar resposta á demanda de planta sufrindo desabastecementos puntuais

O SLG alerta do aumento na plantación de eucaliptos para eludir a moratoria

Ao mesmo tempo, disparouse a corta de piñeiros para substituílos por plantacións de *Eucalyptus*, decotío *nitens*



Os viveiros non deron abasto nos útlimos meses a vender planta de eucalipto

A mediados de marzo, o Sindicato Labrego Galego rexistraba un escrito dirixido á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal advertíndolle do efecto chamada que provocou o anuncio de impoñer unha moratoria na plantación de eucaliptos na Galiza. No escrito comentabamos que "*se ben estamos de acordo coa moratoria, pensamos tamén que esta debe establecerse de maneira inmediata, cun regulamento concreto e claro para o seu desenvolvemento, e con suficientes recursos para garantir o seu cumprimento pois, do contrario, e contra máis se agarde, podería provocar un resultado oposto ao pretendido, isto é: Que aumente aínda máis a superficie de eucalipto. De feito, agora mesmo, estamos a recibir numerosas queixas nas nosas oficinas comarcais sobre persoas propietarias de fincas que están a realizar novas plantacións para eludir a moratoria, mesmo en fincas de uso agrícola aproveitándose da inacción da Consellaría de Medio Rural diante das infraccións por forestación de terras agrarias*".

Diante disto, dende o SLG solicitamos de Ordenación Forestal que se intensificasen as tarefas de seguimento e control das plantacións ilegais (en terreos de uso agrícola, en parcelas poboadas por frondosas, en zonas de espazos protexidos, etc...), reforzando os recursos para tal fin, en especial nos distritos forestais; que se faga cumprir a lexislación actual; e que se definan, o antes posible, as medidas concretas sobre a moratoria de plantación de especies do xénero Eucalyptus. Ademais, tamén pedimos a reposición da legalidade de maneira retroactiva para aquelas terras que foron forestadas ilegalmente na Galiza.

As plantacións de eucalipto en Galiza estarán prohibidas a partir do 2 de xullo

Por desgraza, Medio Rural non só non fixo caso das advertencias do SLG, senón que permitiu que nos últimos meses se realizase unha plantación masiva de eucaliptos atrasando o comezo da moratoria.

Segundo puidemos saber, disparouse a corta de piñeiro e de frondosas autóctonas para substituír por eucalipto. Foi tal a demanda de planta de eucalipto que os viveiros esgotaron as súas existencias, ao tempo que as empresas madeireiras non dan abasto para atender as peticións de corta de piñeirais.

Medios de comunicación como Nós Diario estiman que, hoxe en día, hai na Galiza unhas 250.000 hectáreas de plantacións ilegais de eucalipto por estar feitas en terras de uso agrario. Sobre esta cuestión, interpelado no Parlamento de Galicia o conselleiro de Medio Rural, José González, que afirmou que "*a Xunta non detectou un efecto chamada con respecto á plantación de eucaliptos tralo anuncio de suspensión temporal de novas plantacións*".

Ao peche deste Fouce, o 21 de maio, publicaban no Diario Oficial de Galicia a orde que regulará a moratoria de plantar. Así, dende o 22 de maio deixaron de autorizarse novas plantacións de eucalipto, dando trinta días naturais, até o 2 de xullo, para realizar as plantacións autorizadas antes da publicación da orde no DOG. Tras esa data, só poderá plantarse eucalipto en terra onde xa existisen previamente plantacións desta especie.

Os lumes de abril na Rede Natura e nas reservas da biosfera denunciados diante da fiscalía

A plataforma "Por un Monte Galego con Futuro", da que forma parte o Sindicato Labrego Galego, dirixiuse á Fiscalía de Medio Ambiente e Urbanismo de Galiza para solicitar que se practiquen "*as dilixencias oportunas e necesarias*" para clarexar o acontecido nos incendios forestais producidos en marzo e abril e que afectaron montes e ecosistemas forestais dun alto valor ambiental, mesmo en zonas que integran a Rede Natura 2000 ou Reservas da Biosfera.

Algunhas das queimas destes ecosistemas de incalculable valor foron "*realizadas por institucións públicas como son a Consellaría de Medio Rural, da Xunta de Galiza, coa colaboración da unidade da UME do exército español*". Aínda máis preocupante foi que "*nalgúns casos, estas queimas autorizadas e xestionadas pola administración pública acabaran derivando en incendios forestais*".

A modo de exemplo, o 6 de abril, na parroquia de Hórreos, en Folgoso do Courel (Lugo), houbo un incencido que afectou unha superficie considerable da Rede Natura 2000. Ao día seguinte, 7 de abril, logo dunha queima realizada pola Consellaría de Medio Rural e pola Unidade Militar de Emerxencia (UME), outro lume arrasou un ecosistema de alto valor ecolóxico no Monte Muradal, na parroquia de Pacios (A Fonsagrada), en plena Reserva da Biosfera de Oscos-Fonsagrada-Terras de Burón.

Con esta denuncia, dende "Por un monte galego con futuro", quixemos chamar a atención sobre moitas queimas producidas nos últimos anos que teñen producido incendios forestais polo escape do lume.





O sector da carne renova dirección e abre o proceso do X Congreso do SLG

Coincidindo co 17 de abril, Día Internacional das Loitas Labregas, o SLG iniciou o proceso que o levará ao seu décimo Congreso neste 2021 celebrando, en Maceda (Ourense), o sectorial correspondente a vacún de carne. Desta vez, a afiliación escolleu un gandeiro de Bóveda (Vilar de Barrio, Ourense), Samuel Formoso Salgado, como novo responsábel para os vindeiros catro anos. Xunto a el, será vicerresponsábel Mari Carme Varela, de Vilameá (Guntín, Lugo), e terán o apoio dunha renovada Dirección da Carne cuxos membros saíron elixidos das diversas asembleas comarcais que se celebraron na Galiza nos meses previos. Desta maneira, no SLG dáselle relevo á Dirección da Carne xurdida do anterior congreso, elixida o 11 de febreiro de 2017, con Lois Varela e Inés Casabella como responsábel e vicerresponsábel.

A primeira mensaxe que quixo compartir o novo responsábel do Sector de Vacún de Carne coa afiliación foi de azos: "*Parece que estamos deprimidos, que hai desánimo, pero temos que erguer a cabeza. Somos un sector viable, moi integrado na sociedade. Grazas a nós, segue habendo xente no rural. O inimigo non é a fauna salvaxe nin son os prezos baixos. O inimigo, nos 25 anos que levo de gandeiro, foi sempre a administración. Tivemos a crise das vacas tolas, pero saímos e conseguimos sobrevivir; no Macizo Central tivemos o problema da brucelose, que supuxo outro golpe grande, e tamén sobrevivimos. Pero o abandono das administracións que deberían velar por nós é o que está acabando co rural e coa profesión labrega*". Neste senso, Samuel Formoso sinalou a enorme carga burocrática coa que se entorpece o traballo nas granxas e que fai "*moi complicado para a xente nova poder dedicarse á gandería*".

Así e todo, afirmou o gandeiro limiao, "*debemos sentir orgullo por sermos gandeiros e gandeiras. A gandería é unha forma digna de vida, da que se pode vivir ben a pesares das eivas e dos problemas. Noutras profesións tamén teñen os seus máis e os seus menos e moitas veces chegan a duras penas a final de mes*".

Pola súa banda, Mari Carme Varela apoiou as palabras de Samuel, animando "*á xente nova a que aposte pola gandería. De seguro que terán atrancos, pero dos problemas sáese. Eu traballei nunha empresa antes de incorporarme á gandería en 2012, e estou encantada a pesares de todos os problemas asociados á nosa profesión. Se hai atrancos, o que nos queda é loitar e camiñar sempre cara a adiante*". **SEGUE ▸**



Mari Carme Varela e Samuel Formoso, nos extremos da imaxe, foron escollidos pola afiliación como novos responsábeis do Sector de Vacún de Carne do SLG

A loita contra o silencio, a loita contra o ruído



Pola súa banda, a secretaria xeral do Sindicato Labrego, Isabel Vilalba, fixo unha defensa sen fendas da importancia socio-económica do sector da carne de vacún na Galiza: "*A maioría das zonas con alto valor natural, como esta do Macizo Ourensán, teñen algo en común: a relevancia da produción de vacún de carne. Temos aquí moitos valores a conservar, flora e fauna, paisaxe, arqueoloxía e etnografía, pero o que moita xente esquece é que houbo un protagonista que mantivo todo iso ao longo do tempo: a xente que viviu e vive nestas comarcas da gandería. Isto é moi importante sabelo porque, hoxe en día, hai moito silencio e moito ruído ao redor desta cuestión. O silencio de ignorar o papel fundamental e indispensable de todas as persoas que traballan, día a día, mantendo pasteiros, pradeiras naturais, barreiras para que non avance o lume. E tamén o ruído co que se está a intoxicar a opinión pública metendo a gandería en extensivo no mesmo saco que outros modelos responsables da emisión de gases con efecto invernadoiro*".

Vilalba lembrou que as praderías son, precisamente, un dos grandes sumidoiros de carbono, ademais do rol fundamental dos herbívoros para xestionar a biomasa e prever os incendios. "*Calquera posición que defenda o medio ambiente, a saúde ou a natureza, non pode negar a importancia da gandería extensiva para manter o equilibrio. Por iso, ademais de loitar contra o silencio, tamén temos que loitar contra o ruído e a intoxicación. Non esquezamos que a mesma xente que denuncia a emisión de gases con efecto invernadoiro pola gandería, asina e aproba tratados de libre comercio para traer carne dende miles de quilómetros de distancia*".

■ Ollo coa Lei de Recuperación da Terra Agraria e os fondos Next Generation

As políticas europeas tamén ocuparon un lugar central no discurso da secretaria xeral do SLG, que se preguntou para que debería servir a Política Agraria Común. "*A maior parte da sociedade non quere que os cartos da PAC se lle sigan dando a grandes terratenentes ou absentistas que nin sequera viven no rural; ao tempo que os mozos e mozas que se queren incorporar á actividade agraria en zonas con limitacións naturais, xerando emprego e fixando poboación no rural, non vai ter o apoio mínimo que precisa para dar continuidade ao seu proxecto de vida*".

Porén, estamos vendo como se van gastar inxentes cantidades de cartos da Unión Europea nos megaproxectos que aspiran a facerse cos fondos Next Generation para a recuperación despois da Covid, e que no rural adoptarán formas como as "aldeas modelo" ou os "polígonos agrarios" que está a promover a Consellaría de Medio Rural. "*Pero a dificultade da vida da xente no día a día non se atende*", criticou Isabel Vilalba, "*nin coas axudas, nin cos servizos públicos que debería haber no rural e non hai. Na última xuntanza do PDR, soubemos que quedaron sen gastar varios millóns o ano pasado no capítulo das axudas para paliar o impacto da Covid no agro. É indignante que acontecese isto, cando o ano pasado excluíron máis de 10.000 granxas de vacún de carne das axudas pola Covid e cando segue habendo restricións á hostalería, que é unha das principais saídas comerciais da nosa carne*".

A secretaria xeral do SLG alertou sobre novos retos aos que se terá que enfrontar o sector da carne de vacún, como a Lei de Recuperación da Terra Agraria, que mobilizará grandes cantidades de terra que podería rematar en mans de grandes empresas e capitais en detrimento das granxas; ou o financiamento cos millóns dos fondos Next Generation para pagar proxectos como unha fábrica de viscosa que esixirá intensificar aínda máis o cultivo de eucalipto para dotarse de materia prima. Diante disto, Vilalba animou a saír con forza do Congreso da Carne "*sabendo o que valemos e o que representamos, con ganas de loitar para que se nos apoie por riba deste tipo de iniciativas e para esixir que se invistan os cartos con sentido común*".

FIN ■

O SLG lamenta o pasamento de Pepe de Cimadevila, gandeiro de Montederramo



No Sindicato Labrego Galego recibimos con gran pesar e consternación a nova do falecemento do noso compañeiro e amigo Xosé Blanco, Pepe de Cimadevila, gandeiro de Montederramo e gran defensor das razas autóctonas de vacún con quen compartimos este último congreso sectorial. Esa aposta polo gando do país fixo que, ademais de formar parte da grande familia que somos o Sindicato Labrego Galego, tamén fose presidente da Asociación de Criadores de Raza Bovina Vianesa (Vianega) e da Federación de Razas Autóctonas de Galicia (Boaga). No SLG gardaremos sempre o recordo do seu grande dinamismo, do seu trato franco e amábel e, sobre todo, o seu exemplo de amor á terra e á profesión gandeira. Descansa en paz, amigo.

PLAN DE DESENVOLVEMENTO RURAL ▸ As circunstancias extraordinarias nas que se crearon estes apoios seguen vixentes e deberían volver convocarse este ano

O SLG pide manter as axudas do PDR para paliar o impacto no agro da Covid

Cuestionamos que Medio Rural volva dar cartos a medidas fracasadas como as organizacións de produtores e produtoras

O 14 de abril tivo lugar a reunión do Comité de Seguimento do Plan de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galiza, do que o Sindicato Labrego Galego forma parte. Nesta xuntanza, a Consellería de Medio Rural propuxo unha modificación importante do PDR: a prórroga para o período 2021-2022 e a incorporación dos fondos do Instrumento de Recuperación da UE (EURI) ao PDR.

O Sindicato Labrego Galego xa pedira, en agosto e outubro do ano 2020, información pormenorizada sobre a execución do actual Plan de Desenvolvemento Rural, as previsións da Consellaría para a súa prórroga nos anos 2021 e 2022, e como se ían aplicar os fondos do Instrumento de Recuperación da Unión Europea.



Un dos destinos dos cartos do PDR na Galiza van ser as "aldeas modelo" e os "polígonos agroforestais", para os que se pediu dende o SLG "*transparencia e información sobre a súa apertura*"

Segue sen haber canles de participación para que as organizacións agrarias fagan achegas ao PDR

Nesta modificación, o SLG presentou as seguintes observacións:

1. O SLG expresou o seu acordo co mantemento ou ampliación de fondos para medidas e submedidas que son básicas para os distintos sectores (**incorporacións, axudas zonas de montaña e outras zonas con limitacións específicas, plans de mellora**) e coa nova convocatoria tanto para as **axudas agroambientais** como para as axudas de conversión e mantemento da agricultura ecolóxica. Porén, pensamos que estas deberíanse ter convocado xa no ano 2021, xa que hai granxas que levan anos esperando por esta convocatoria e para elas tería sido moi importante ter aproveitado xa este exercicio.

2. Solicitamos que se manteñan as **axudas excepcionais temporais para paliar as consecuencias do COVID**. A normativa europea (Regulamento (UE) 2020/2220) permite a súa concesión de novo durante o exercicio 2021 (pagada a 31/12/21 e aprobada pola autoridade competente a 30/06/21). O SLG valora que durante o ano 2021 as circunstancias seguen a ser malas ou moi malas en determinados sectores, polo que estas axudas deben manterse.

3. A maiores, tamén preguntamos polos **motivos que levaron á Consellería de Medio Rural a dotar de fondos outra vez determinadas medidas que fracasaron**. Fíxoo sen cambiar a súa aplicación e sen facer unha análise dos motivos polos que non se conseguiron executar eses fondos: As medidas 1 (**formación**) 2 (**aconsellamento**) e a submedida 16.4, (**circuítos curtos de comercialización**).

Neste caso tamén se encontra a Medida 9 para financiar **organizacións de produtores e produtoras**: O gasto de todos estes anos neste capítulo foi de 0 euros e descoñecemos que houbese cambio algún que xustifique este gasto. Téñase en conta que a propia Xunta e as mesmas organizacións de produtores do sector lácteo admitiron que no estaban a cumprir a finalidade para a que foron creadas en 2012, polo que non se entendería que agora fosen novamente financiadas.

4. Polo que se refire á submedida 4.3, solicitamos transparencia e información actualizada sobre a apertura de novos procesos de **aldeas modelo** e **polígonos agroforestais**.

5. O SLG tamén salientou a súa preocupación polo futuro PDR que se aplicará a partir do ano 2023 e pediulle á Consellería máis participación no seu deseño.

Finalmente, cómpre advertir que, a día de hoxe, as organizacións agrarias non tivemos ningunha reunión nin canle de participación para realizar achegas ou propostas ao novo Plan de Desenvolvemento Rural que a Xunta ten que remitir ao Ministerio de Agricultura nos vindeiros meses. Neste senso, lembramos que, na etapa anterior do PDR, a propia Unión Europea advertiu á Xunta a necesidade de garantir participación efectiva dos diversos axentes do sector no deseño do Plan de Desenvolvemento Rural.

CONGRESO DO SECTOR LÁCTEO DO SLG

11 de xuño de 2021

Lalín (Pontevedra)

sindicato labrego galego
comisións labregas

Regulamento e relatorio



Textos do CONGRESO do SECTOR LÁCTEO do SINDICATO LABREGO GALEGO COMISIÓNS LABREGAS

REGULAMENTO DO CONGRESO DO SECTOR LÁCTEO DO SLG-CCLL

Artigo 1. O presente regulamento establece as normas de funcionamento do Congreso Sectorial de Vacún de Leite do Sindicato Labrego Galego que se celebrará o Venres 11 de Xuño de 2021 en Lalín ás 11:00h da mañá.

Artigo 2. Poderán participar no período precongresual e asistir ao congreso, con voz e voto, tódalas afiliadas e afiliados do SLG pertencentes ao sector e que no momento da convocatoria teñan as súas cotizacións ao día.

Artigo 3. No mes de Marzo, Abril e Maio faranse asembleas comarcais onde se propoñerán os temas a incluír no relatorio así coma os termos en que estes se deberan desenvolver, para despois seren elaborados pola Executiva Nacional, e sometidos a aprobación do Congreso.

Artigo 4. DEBATE NA AFILIACIÓN.

4.1. Unha vez aprobado o proxecto de relatorio, este será remitido ás comarcas antes do 30 de Maio para a súa distribución entre toda a afiliación.

4.2. A Executiva Nacional aprobou o calendario para a celebración das Asembleas Comarcais do Sector para debater os relatorios e nomear os/as representantes que correspondan para a Dirección Nacional do Sector. O calendario é o seguinte.

- Do 15 de marzo ao 15 de maio de 2021, comunicación á Executiva Nacional das Asembleas Comarcais de Sector.
- Do 15 de marzo ao 1 de xuño de 2021, celebraranse as Asembleas Comarcais de Sector.
- O 11 de xuño de 2021 celebrarase Lalín o Congreso Sectorial de vacún de leite do SLG.

4.3. O criterio de asignación de representantes por cada comarca para a Dirección Nacional da leite será o seguinte:

- As comarcas constituídas, elixirán ata catro persoas para a Dirección Sectorial, sendo esta elección paritaria canto ao número de homes e mulleres, quedando vacantes os postos que non se cubran segundo este criterio. Estes postos poderán ser cubertos logo da celebración do Congreso Sectorial de vacún de leite.

Artigo 5. ASEMBLEAS COMARCAIS.

5.1. As Asembleas comarcais celebraranse entre o 15 de marzo ao 1 de xuño de 2021, segundo o calendario fixado pola Executiva Nacional na súa reunión do 18 de marzo de 2021 Poderán asistir, con voz e con voto, tódalas afiliadas e afiliados do SLG pertencentes ao sector que teñan as cotas ao día no momento da convocatoria.

5.2. Tódalas afiliadas e afiliados propoñerán nas asembleas comarcais os temas que deberán centrar a actividade do SLG nos vindeiros anos neste sector, así coma os termos en que deberán desenvolverse no relatorio. As/Os coordinadoras comarcais recollerán estas propostas coas que a Executiva Nacional ordenará en forma de relatorio, para ser distribuído entre a afiliación para ser aprobado ou emendado polo congreso.

5.3. As emendas que se presenten a este relatorio terán que ser pasadas por escrito, á Executiva Nacional antes do dia 1 de xuño de 2021.

5.4. As asembleas comarcais tamén deberán proceder á elección dos/as representantes da comarca para a Dirección Nacional de sector segundo o anexo que se achega. Serán elixidos ou elixidas polo procedemento de listas abertas, resultando elixidas as persoas que teñan maior número de votos.

Artigo 6. O PLENO DO CONGRESO NACIONAL DO SECTOR DE VACÚN DE LEITE.

6.1. O pleno do Congreso Nacional de vacún de leite celebrarase o día 11 de xuño de 2021 en Lalín ás 11:00h da mañá.

6.2. O Pleno estará presidido por unha Mesa que será proposta pola EXECUTIVA saínte e aprobada polo Congreso de Sector. A Mesa estará formada por un Presidente ou unha Presidenta, que dirixirá os debates; un Vicepresidente ou unha Vicepresidenta; un Secretario ou unha Secretaria, que levantará acta da reunión; e dous ou dúas vocais. A Mesa Presidencial, por maioría, resolverá as controversias que puideran darse na interpretación do presente regulamento.

6.3. Unha vez elixida a Mesa Presidencial do Congreso someterase a aprobación, a orde do día da sesión e o regulamento, dándose inicio aos traballos sobre o relatorio.

6.4. Tódalas persoas que defendan emendas terán unha quenda a favor e dous minutos para defender a súa emenda no Pleno. A continuación, intervirá a persoa designada pola EXECUTIVA, podendo concederse unha nova quenda de réplica para fixar posicións. A Mesa do Congreso ten competencia para acurtar os tempos de intervención coa fin de axustarse ao horario establecido na orde do día.

6.5. A emendas "in voce" só poderán ser aceptadas cando sexan proposta de síntese e así o decida a Mesa Presidencial por maioría.

6.6. Unha vez rematado o debate de cada emenda procederase á súa votación, que para ser aprobada requirirá maioría simple.

6.7. Cando remate o debate de tódalas emendas procederase á votación final conxunta sobre a totalidade do relatorio. Para ser aprobado, requirirá maioría cualificada.

6.8. Ao rematar o proceso, a Dirección de Sector electa procederá á elección, de entre os/as seus/súas membros, da persoa que representará ao sector na Dirección Nacional do Sindicato Labrego Galego que á súa vez exercerá de Responsábel do Sector de vacún de Leite do SLG. Parellamente tamén se eleixirá Viceresponsábel e/ ou suplentes, seguindo en todo momento o criterio de paridade.

Anexo informativo para a elección dos/as membros da dirección de sector*.

- Eume
- Ferrolterra
- Melide-Arzúa
- Ordes
- A Mariña
- Vilalba
- Meira
- Lugo-Centro
- Chantada-Monforte
- Compostela
- Fisterra-Xallas
- Deza
- Tabeirós
- Teixeiro

***As zonas relacionadas poderán ser modificadas en caso de ausencia de afiliación do sector nalgunha, concentrandoa con outras próximas.**

RELATORIO DO CONGRESO DO SECTOR LÁCTEO DO SLG-CCLL

No anterior Congreso do Leite do Sindicato Labrego Galego – Comisións Labregas, abríamos este relatorio facendo mención á importancia dun principio histórico: Que a actividade do sector gandeiro de leite debía estar enfocada á consecución dun nivel de renda digno para as persoas que traballan nas explotacións; e á xestión sostíbel do entorno a nivel territorial, social e económico. Para acadar este principio, eran determinantes dúas premisas: O prezo e os custos de produción.

Podemos dicir que segue en plena vixencia ese principio, pero tamén os atrancos novos e vellos, que debemos superar para conseguilo.

A situación actual do sector vén marcada pola incesante perda de granxas de leite que deixaron o sector nos últimos anos (un 25,6% dende 2015 a 2020), sen previsión de que esta cese, en parte motivada polos baixos prezos do leite e en parte pola media de idade das titulares das granxas sen que exista relevo xeracional ou posibilidade de alugueiro. Esa é a consecuencia das grandes ameazas para o sector.

Ao mesmo tempo, a produción de leite en Galiza medra cada ano, incrementándose un 58,9% dende 2001 a 2019. Isto tradúcese nunha maior concentración de animais en menos granxas, menos granxas en cada parroquia e menos persoas no rural. Unha tendencia impulsada con maior forza dende a desaparición das cotas e ausencia de mecanismos reguladores da produción.

A SITUACIÓN ACTUAL DO SECTOR LÁCTEO GALEGO

O sector do leite en Galiza segue tendo unha forte presenza de granxas medianas e pequenas de tipo familiar ou con fórmulas asociativas de carácter semellante que seguen mantendo a poboación rural.

Actualmente, aínda que a tendencia é seguir incrementando a produción, tamén está medrando o consumo mundial de leite, así como hai unha crecente demanda de derivados lácteos. A maiores, e pese a levarmos unha tempada cos custos de materias primas para a alimentación e combustíbeis e abonos estancados, xa estamos a sufrir a alza e especulación destes insumos. Debemos prepararnos para a inminente crise enerxética e de derivados dos combustibles fósiles, que incrementará a competencia por estes a nivel mundial. Galiza ten un punto de avantaxe en canto á obtención de alimentación de calidade con menos esforzo enerxético que outras rexións do mundo, pero faise necesario buscar alianzas con equipos de investigación que axuden a facernos máis eficientes e menos dependentes doutras materias, algo fundamental para o sector.

1. OS CONTRATOS E AS RELACIÓNS COA INDUSTRIA

Dende que se activou o paquete lácteo, o sector viuse sometido a unha serie de medidas que pretendían regular as relacións coa industria. Así, dende a reinstauración do contrato homologado de subministro de leite, nunca se cumpriu o lema de "primeiro prezo e logo contrato". Renunciouse á negociación colectiva en favor da negociación mediante organizacións de produtores e produtoras, que non foron quen de asinar nin un so contrato en oito anos de existencia e, en todo caso, non melloraron os prezos percibidos polas granxas.

A industria segue a impoñer o seu prezo, organizada ilegalmente para influír nos mercados e así evitar a competencia entre elas. Convértese así o contrato nunha arma contra o gandeiro e a gandeira, que debe asinar independentemente do prezo que soporte e das condicións abusivas. Até se dá o absurdo de estar obrigadas a asinar cláusulas nas que se afirma que os contratos cobren os custos de produción, malia non ser certo. Unha ferramenta, a priori, en favor das gandeiras e dos gandeiros que se revira pola indiferenza do Goberno e que, en plena suba de materias primas, permite que o prezo do leite baixe sen mecanismos áxiles para facer cumprir esa cláusula.

A Consellaría de Medio Rural abandonou totalmente a intermediación na negociación de prezos, pese a ser coñecedora da ineficacia doutros mecanismos. así como das manobras de extorsión por parte da industria. Pola contra, abrígase na montaxe publicitaria dun novo plan para revitalizar o sector lácteo: A "Estratexia de Dinamización do Sector Lácteo Galego". Un plan de revitalización para o período 2020-2025 que non é cousa nova e que levou case dous anos elaborar. Con este plan, o conselleiro de Medio Rural, José González, segue virado de costas á realidade do sector ao pretender unha empresarialización do sector aglutinando nunha asociación de empresarias gandeiras o 60% dos produtores e das produtoras de leite de Galiza, e incrementando a produción polo menos nun 8%. Promesas de mobilización de terras agrarias, mellora da calidade de vida nas comarcas gandeiras ou reactivación do Observatorio Lácteo Galego, entre outras promesas, que baten de fronte cunha teimosa realidade: O inmobilismo, a parálise e a renuncia da Consellaría de Medio Rural a exercer as súas competencias. Isto tradúcese en que segue permitindo o avance das forestacións en terras de cultivo e pastos, segue mirando para outro lado na extorsión exercida pola industria, incrementa a burocratización e o abandono administrativo das granxas mediante o desmantelamento das oficinas agrarias comarcais ou négase a convocar a Mesa do Leite ou do Observatorio Lácteo Galego.

Seguimos a precisar, por tanto, un espazo de negociación e diálogo, con mediación do Goberno, tal e como era a Mesa do Leite e que, diante da Estratexia de Dinamización do Sector Lácteo, a Consellaría de Medio Rural non foi quen de convertela nun espazo de debate, diálogo e compromiso co prezo e as condicións entre todas as partes, abandonándonos en mans dun suposto acordo lácteo nacional que non nos serve nin asinamos.

2. O PREZO E OS CUSTOS DE PRODUCIÓN

Galiza é a comunidade con menor prezo para o leite de todo o Estado e este, á súa vez, está entre os máis baixos de Europa. Estando na actualidade un céntimo por baixo da media estatal, pero catro por baixo dalgunha comunidade veciña, non existe polo tanto unha compoñente xeográfica que xustifique esa diferenza. En todo caso, como mínimo debería existir a garantía de que se cobren os custos de produción.

Os custos de produción non se limitan aos gastos da explotación necesarios para a produción do leite. Entre outros gastos, débense ter en conta a man de obra da explotación, tanto titular e asalariada como a man de obra non remunerada que tamén repercute na produción. Se non se recoñece todo o traballo realizado, estaremos a financiarlle o leite á industria sen que esta

pague o se custo real.

3. A LEI DA CADEA ALIMENTARIA

En 2020, introducíronse novas modificacións na Lei da Cadea Alimentaria que poden ser unha moi boa ferramenta para reclamar prezos dignos, como a obrigatoriedade de que o pagado cubra custos de produción. Unha vella reivindicación do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas.

Mais, con todo, non podemos admitir manipulacións coa introdución de termos como "custo efectivo". O custo debe ser o real e ter en conta tódolos parámetros actuais e futuros que inflúan na produción do litro de leite sen ter en conta as axudas da PAC, posto que non teñen esa finalidade.

Esiximos que o Ministerio e a Xunta de Galiza fixen os índices de referencia dos custos de produción que obriguen á industria ao seu cumprimento mediante a aplicación da Lei da Cadea Alimentaria.

Para velar polo debido cumprimento de contratos e da Lei da Cadea Alimentaria existe a Axencia de Información e Control Alimentarios (Aica), que admite denuncias concretas por incumprimento das relacións contractuais no subministro de leite, resultando cada ano novas sancións á industria por incumprimentos.

Malia isto, semella que á industria lle sae barato incumprir, posto que o beneficio obtido supera o custo das sancións. A lentitude de execución das mesmas fai que se sintan invulnerábeis para delinquir. É necesario atacar a credibilidade das industrias facendo públicas as sancións e denunciando ante a sociedade as malas prácticas que realizan.

4. CÁRTEL DO LEITE E DENUNCIAS

No ano 2019, confirmouse a sanción da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia (inicialmente en 2015) ao chamado Cártel do Leite por prácticas ilegais no período investigado (2000-2013). Esta sanción abriu a porta a denunciar xudicialmente para recuperar as cantidades que a industria evitou pagar fixando prezos inferiores e creando condicións artificiais que eliminaban a competencia e prexudicaban as granxas de leite, mentres non se nos permitía fixar medidas protectoras do prezo e reguladoras da produción.

Os longuísimos prazos procesais que, en caso de ter éxito, poden facer que as industrias teñan que pagar vinte anos despois de cometer os delitos, abondan na sensación de que gozan de impunidade para extorsionar e roubar, tal e como viñeron facendo até agora.

5. O MODELO DE SECTOR LÁCTEO QUE DEFENDE O SINDICATO LABREGO GALEGO

A importancia do modelo de explotacións é o suficientemente grande como para ter que abordala nalgún momento, malia os prexuízos e confrontación que poida xerar este debate.

Dentro do Sindicato Labrego Galego – Comisións Labregas, defendemos modelos de produción que sexan respectuosos coas persoas, os animais e o medio que ocupan, cuxa finalidade principal sexa producir alimentos de calidade cun prezo xusto e camiñar cara á Soberanía Alimentaria. Pero tamén queremos un modelo que sexa unha ferramenta útil na custodia do territorio, da cultura e da paisaxe, que non prexudique o medio ambiente e que sirva de freo fronte á invasión de megaproxectos invasores de carácter destrutivo e especulativo que acabarían coas nosas granxas e coa vida no rural. En definitiva, un modelo social que aposte pola fixación de poboación no rural en contraposición á gandería entendida como unha actividade absentista.

Dentro do Sindicato Labrego Galego – Comisións Labregas, podemos atoparnos multitude de tipoloxías de granxas que van dende modelos máis extensivos, con moi pouca carga gandeira, até algúns modelos máis intensivos cun número crecente de animais, moitas veces como resultado necesario da fusión de varias granxas familiares, para poder beneficiarse do reparto de traballo e da inclusión de descansos no calendario laboral.

Na medida en que cambiou o volume e estrutura das familias, tamén o fixeron moitas granxas que non, por iso, deixaron de xestionar o territorio dun xeito respectuoso e de facer fronte aos ataques que vimos sufrindo. Ao mesmo tempo, moitas destas explotacións tamén apostaron claramente por unha diferenciación do produto e, paradoxalmente, polo pastoreo, que era o xeito tradicional de manexo. Tamén un crecente número de explotacións apostaron pola reconversión a ecolóxico, demostrando que é posíbel producir alimentos de calidade diferenciada a partir dunha proposta agroecolóxica ou próxima a esta.

Nos antípodas do modelo que defendemos, cada día somos máis conscientes da deriva industrial e depredadora que tamén poden tomar as explotacións, coa gravísima ameaza das macrogranxas que xa peta na porta. Estamos a falar de procesadoras industriais que destrúen todo o que hai sobre a terra e baixo ela. Provocan desapego da poboación no rural, pasando a man de obra a ser proletariado que se desvencella do territorio, acumulando materias orgánicas que acaban converténdose en residuos pola imposibilidade de ser asimilados polo entorno, creando fortes distorsións no mercado e xerando desigualdade e competencia por recursos universais que deberían pertencer a toda a sociedade como a terra e a auga.

Ao mesmo tempo, este modelo industrializado de macroexplotacións xera rexeitamento no consumidor e mala imaxe dos produtos que "fabrica". Tendo en conta a boa calidade e boa acollida do leite galego na sociedade, asociado a prácticas respectuosas, tradición, medio ambiente e mundo rural, esta imaxe positiva pode perigar se o modelo camiña cara á industrialización. Neste caso, as granxas galegas deben ter un papel relevante na loita para evitar a implantación dese modelo, pois diso depende a supervivencia do sector tal e como o coñecemos e de miles de granxas que, na actualidade, son viables.

6. PROXECTO DE REAL DECRETO POLO QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A NUTRICIÓN SOSTIBLE DO SOLO AGRARIO

En setembro de 2020, tivemos coñecemento do contido do borrador que o Ministerio de Agricultura preparaba para a xestión de nutrientes do solo agrario. A pesares de que o conxunto do SLG presentou alegacións a este borrador, e que se desenvolveu unha campaña para poñer en coñecemento de todos os sectores as consecuencias que podería traer ás explotacións gandeiras e agrícolas, dende o sector lácteo debemos estar vixiantes con res-

pecto á evolución deste texto legal, fiscalizando as súas posíbeis consecuencias no conxunto do sector.

Observamos con preocupación como en todo o Real Decreto non se fai ningunha diferenciación entre o que é unha explotación extensiva sostible co medio ambiente, ou mesmo ecolóxicas; e explotacións intensivas de diversas producións gandeiras sen base territorial. Parece que no borrador se nos equipara a todas por igual e que teremos as mesmas obrigas que outros modelos de xestión agraria, creándose agravios comparativos entre granxas penalizadas pola condicionalidade e outros modelos que non están sometidos a esta norma. Unha vez máis, non se teñen en conta as particularidades específicas das explotacións do sector de vacún de Galiza e, concretamente, do sector lácteo, nin o seu tamaño, nin as particularidades orográficas, nin o modelo de xestión baseado no pastoreo que practican a maioría de explotacións do sector.

Por último, pero non menos importante, preocúpanos a repercusión negativa que a aplicación deste Real Decreto pode ter a nivel económico nas explotacións dun sector que leva anos sumido nunha profunda crise de prezos e onde o tamaño das súas granxas, máis pequenas que a media, faría inviable en moitos casos adaptarse á nova normativa, obrigando ao peche de moitas.

7. EUCALIPTIZACIÓN E PERDA DE TERRAS AGRARIAS

A actual política de forestación de terras agrarias, permitindo a invasión e ocupación con eucaliptos de solo agrícola, tradúcese nunha perda de oportunidade para abaratar custos de produción na produción láctea ao non ter as granxas acceso a suficiente base territorial. A maiores disto, outras consecuencias da forestación son o perigo para as persoas que vivimos no rural, o desprazamento de fauna salvaxe que acaba causando unha maior presión nas explotacións e, finalmente, o abandono por non termos mecanismos que poñan en valor as terras para usos distintos ao forestal, que vemos como son plantadas ilegalmente sen que a Xunta de Galiza o evite.

8. FAUNA SALVAXE

A proliferación de especies de fauna salvaxe, principalmente o xabarín e o lobo, están resultando un serio problema tanto para actividade agraria en si como para a vida das persoas. Ademais das perdas económicas ocasionadas, os danos da fauna salvaxe xeran cansazo e desesperación nas gandeiras e nos gandeiros que ven como un problema non resolto e mal diagnosticado pode arruinar económica, pero tamén moralmente, unha granxa.

O descontrol de poboacións de fauna salvaxe son un claro indicativo de que hai problemas graves no equilibrio medioambiental, preludio doutras consecuencias deses desaxustes que poden ser determinantes na viabilidade das granxas galegas.

Para mudar esta circunstancia será imprescindible o estudo, cuantificación e localización destas especies salvaxes. Determinar cal é a causa do desaxuste ou desprazamento demográfico das mesmas, se é que existe tal desaxuste, e corrixir as causas dos mesmos. Mais, de xeito inmediato, é necesario controlar estas especies de fauna salvaxe, xa que actualmente proliferaron dunha maneira totalmente descontrolada e as súas poboacións son totalmente insostíbeis, agás que se pretenda converter o medio rural en territorio de caza.

A sociedade galega, para manter un rural vivo e equilibrado ambientalmente, non pode abandonar o sector gandeiro ante os ataques da fauna salvaxe, polo que terá que asumir a súa responsabilidade e soportar os custos de convivir con poboacións equilibradas.

Durante os próximos anos deberemos seguir adiante con campañas que permitan facer visibles as nosas demandas en relación á xestión da fauna salvaxe, da man do resto dos sectores do SLG afectados, xa que é un problema transversal que non ten solucións individuais para cada sector (sendo o modelo extensivo o que máis o sofre), e poder acadar nun futuro un equilibrio ecolóxico que permita a supervivencia das explotacións agrarias e a convivencia coa fauna salvaxe. Seguen a ser unha prioridade acadar os seguintes obxectivos:

- Elaboración e actualización urxente dun censo que permita determinar aquelas zonas onde poidan existir superpoboacións de determinadas especies de fauna salvaxe que rompan o equilibrio ecolóxico. Só a partir deste censo se poderán tomar decisións para o control e xestión da fauna salvaxe.
- Asunción da responsabilidade civil da administración pública sobre o 100% dos danos que causan as especies salvaxes.

Financiamento do 100% das medidas de protección para os ataques da fauna salvaxe e o aumento da partida orzamentaria para tal fin.

- Programa de sanidade animal eficaz e suficientemente dotado de medios para o tratamento das enfermidades da fauna salvaxe e para evitar que estas pasen á cabana doméstica.
- Eliminación das zonas abandonadas próximas a cultivos que poidan ser refuxio para a fauna salvaxe e reposición da legalidade en caso de forestacións ilegais en terras agrarias.
- Programa de alimentación da fauna salvaxe (depósito de animais mortos en determinadas zona creadas para tal fin).

9. O PERÍODO TRANSITORIO DA PAC (2021-2022) E O NOVO PERÍODO 2023-2027

A actual reforma da PAC está sendo moi longa no tempo. No ano 2017, xa se publicara a comunicación da Comisión Europea sobre a Política Agraria Común para despois de 2020. Tres anos despois (marzo de 2021) estamos no momento no que se van tomar as decisións en Europa e no Estado Español que nos van afectar, e moito, durante toda esta década.

O Sindicato Labrego Galego - Comisións Labregas publicou a súa proposta (bit.ly/PropostaPAC-SLG) e presentouna diante da Consellería de Medio Rural e de todos os grupos políticos presentes no Parlamento Galego, ademais de facelo diante do propio Ministerio de Agricultura.

O fondo da PAC vai seguir igual –non se fala de prezos, a regulación dos mercados desaparece un pouco máis-, pero hai moitas cuestións que van cambiar e que van influír no sector lácteo e nas subvencións anuais da PAC.

Aínda que só se fala e se debate deste regulamento na Unión Europea, o Regulamento da Organización Común de Mercados dos produtos agrarios tamén se está reformando e son moi importantes as cuestións que están en xogo para o sector lácteo: Que este regulamento sirva para a supervisión, xestión e regulación dos mercados agrícolas; que melloren ou non as relacións contractuais no sector lácteo (contratos e OPLs); a intervención pública e privada; como se regulan as situacións de crise do sector,

etcétera. Por poñer un pequeno exemplo: hai unha proposta para que non se poida penalizar por incumprir entregas mes a mes, o que se está permitindo nos contratos galegos. No caso deste regulamento, o Sindicato Labrego Galego está pendente do que se está negociando na Unión Europea a través da Coordinadora Europea da Vía Campesina. No Estado Español e na Galiza, estas cuestións non se dan colocado no debate dos políticos e das políticas, cando este regulamento é imprescindible se queremos mudar a PAC agora e no futuro.

O que está permanentemente no debate son as subvencións. A proposta de PAC do Sindicato Labrego Galego é que a axuda básica á renda se corresponda co seu nome e que sexa un pago ás persoas que producen alimentos, e non nun pago ás hectáreas. Sería máis simple, máis xusto e é posible.

Neste ano 2021, deberiamos estar xa no novo período de PAC, pero vaise atrasar deica o ano 2023. Estes dous anos temos un período transitorio (2021 e 2022) no que cambian o valor dos nosos dereitos de pago en función da converxencia que estableceu o Ministerio de Agricultura. Isto é un aviso do que pode ser o novo período, polo que temos que estar atentas á variación do valor dos dereitos de pago básico de cada unha de nós. Nalgunhas comarcas leiteiras, as baixadas do importe de pago básico poden ser importantes, ao que hai que sumarlle o descenso correspondente no pago verde. Temos que estar pendentes tamén das variacións das axudas de Desenvolvemento Rural que dependen da Consellería de Medio Rural e que tamén poden variar no 2021 e máis no 2022.

Para a PAC que imos ter a partir do 2023 estamos no tramo final das negociacións. Nos próximos meses decídese como van ser as axudas no Estado Español, o que se chama agora Plan Estratéxico Estatal. Neste plan entran as axudas directas (1º piar), e todo o Plan de Desenvolvemento Rural (2º piar), entre outras. O que se decida agora vai ser difícil de mudar na década na que nos atopamos.

As subvencións da PAC para o noso sector son importantes, pero representan unha porcentaxe menor dos nosos ingresos que noutros sectores do Estado e que noutros estados da UE. É importante non esquecer isto cando falan dun sector fortemente subvencionado ou cando a Consellería de Medio Rural fai a propaganda do "reparto" de millóns de euros nos medios de comunicación. E vainos ir peor se vai adiante a taxa plana por hectárea que propón o Ministerio de Agricultura, porque neste país non dispoñemos de hectáreas, son un ben escaso: A media do noso sector é de 25 hectáreas repartidas en 60 parcelas, pero un 61% do total das granxas galegas teñen unha media de 16 hectáreas. Se nos comparamos con Francia (90,9 hectáreas por granxa) ou Irlanda (59,2 hectáreas por granxa), entendemos que sempre imos perder na comparación. Unha parte importante das axudas da PAC teñen que ver coas asociadas, as que se cobran por vaca de leite. Son importantes porque o Ministerio decidiu completar a escasa contía actual do pago básico para as nosas ganderías co pago por vaca. Polo tanto, temos que estar moi pendentes tamén do que se propón.

O Ministerio decide moito neste novo período e o que imos coñecendo é moi malo para o sector lácteo galego. Se agora estamos á cola do Estado no reparto dos fondos da PAC, coa información que imos tendo do Ministerio de Agricultura, a nosa situación xeral vai empeorar. Tendo en conta que Galiza é a principal produtora de leite no Estado Español, deberiamos ter un apartado nas negociacións da PAC. Como isto non é así, e pensando que o resto da Cornixa Cantábrica está nunha situación parecida, desde decembro mantemos xuntanzas con EHNE-Bizkaia (Euskadi), UGAM COAG (Cantabria) e COAG Asturias, para formular propostas conxuntas en cuestións decisivas para o sector lácteo que non aparecen nos documentos do Ministerio: o deseño da axuda básica á renda e as rexións de pago, o pago redistributivo, o tope máximo de subvencións, as axudas asociadas e o deseño dun ecoesquema que se adapte ás explotacións de leite.

Enviáronse alegacións ás propostas que vai sacando o Ministerio de Agricultura e á Consellaría de Medio Rural, que é quen vai negociar a Madrid. Queremos que teñan claro que non é a PAC que queremos para o noso sector lácteo e que, dado o noso peso no conxunto do Estado, debemos ser parte fundamental na definición desa PAC a partir de 2023.

10. ABANDONO ADMINISTRATIVO

Nos últimos tempos, o abandono e desmantelamento administrativo afectou moi duramente o agro galego: Os recortes, cando non a desaparición, de oficinas agrarias comarcais, centros de saúde ou centros educativos de pequenas vilas afastadas dos grandes centros de poboación; a dixitalización da práctica totalidade de trámites; o abuso de entidades bancarias no día a día das xestións económicas da granxa e da familia e o peche de sucursais, etcétera. Todo isto dificulta enormemente a vida no rural e compromete o futuro das explotacións, polo que debemos reclamar o mantemento de todos estes servizos e manter unha atención de calidade, presencial e empática coas persoas que a necesitan.

11. OUTRAS ENTIDADES ESENCIAIS PARA O SECTOR LÁCTEO

O sector lácteo galego depende doutras moitas entidades de carácter público ou colectivo que, á súa vez, poden ver comprometida a súa existencia por mor da indiferenza da Xunta de Galiza. Entidades como o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM), cun papel destacado no ensaio de técnicas, métodos, maquinaria ou mesmo custodia e recompilación de sementes autóctonas, está a ser desmantelado a pesares da denuncia pública do seu persoal de investigación. As escolas de capacitación agraria, departamentos universitarios e centros de formación profesional e universitaria, a Aula de Produtos Lácteos, etcétera. Debemos reforzar a defensa destes centros e o seu traballo, pois é esencial na transmisión de coñecementos ás granxas, facilitando e mellorando o traballo nas mesmas.

Precisamente, para o SLG, unha investigación pública e independente, dotada con suficientes medios, segue a ser un piar fundamental de cara a termos unhas rendas dignas nas nosas granxas, xunto a outros elementos tamén esenciais como pode ser unha base territorial suficiente ou a transformación e diversificación da produción para darlle valor engadido ao noso traballo.



EÓLICOS ▸ Máis dun cento de colectivos de toda Galiza plantan cara a máis de douscentos novos proxectos

O SLG forza tratar o problema dos eólicos nun pleno do Consello Galego de Medio Ambiente

A información directa á veciñanza afectada e a presentación de alegacións están a ser as principais ferramentas de oposición


Intervención sobre os eólicos do avogado Ramón Barreiro en Ferrol o 7 de maio

Galiza está a sufrir unha enxurrada de proxectos para construír parques eólicos por todo o territorio ao amparo dunha normativa moito máis laxa dende que o Goberno de Feijóo aprobou a Lei de Simplificación Administrativa. Asemade, máis dun cento de organizacións sociais e ecoloxistas, tamén do agro grazas ao Sindicato Labrego, estamos a articular unha resposta de oposición frontal por todo o país.

Dende o SLG, presentamos alegacións a numerosos proxectos que batían de fronte con áreas de especial protección como reservas da biosfera ou a Rede Natura diante de organismos como o Consello Científico de Parques Nacionais, dependente do Ministerio de Transición Ecolóxica. Entre estes, podemos citar os proxectos de Feás (Aranga e Coirós), Felga (Aranga, Coirós e Oza-Cesuras), Fontella (Aranga e Oza-Cesuras), Gato (Aranga e Oza-Cesuras), Seselle (Oza-Cesuras), Legre (Mesía e Oza-Cesuras), Barjas (O Barco e Vilamartín de Valdeorras e Petín), Pena do Furco (Becerreá), Hépotas II (Muras), Vilachá (Serra do Xistral), Pena Ombra (Guitiriz, Curtis e Sobrado dos Monxes), etcétera*.

A maiores, dende o SLG tamén participamos activamente en actos informativos para asesorar a veciñanza afectada por este tipo de proxectos. Así, un dos nosos avogados, Ramón Barreiro, estivo en asembleas cos veciños e veciñas de Lalín, Ferrolterra, Cesuras e Mesía, nas que falou dos pasos e accións legais que se deben seguir para enfrontarse con éxito a este tipo de instalacións agresivas que están acaparando os nosos montes, facendo imposible a vida a carón deles.

Nun debate na Cadea SER, Ramón Barreiro alertaba sobre o risco de perda de axudas europeas por parte dos propietarios e propietarias dos montes afectados. Ademais, tamén denunciou prácticas abusivas nas que "*moitas persoas maiores do rural séntense desamparadas, xa que están recibindo ofertas de precontratos coa ameaza de que se non aceptan asinar serán despois expropiadas por menos cartos*".

A última acción levada a cabo polo SLG antes de imprimirse este Fouce foi denunciar esta invasión eólica no Consello Galego de Medio Ambiente. O encargado de realizar a denuncia foi o noso representante no Consello, Diego Sánchez Agra, que solicitou un pleno extraordinario para tratar esta cuestión xunto coa Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (Adega) e a Federación Ecoloxista Galega (FEG), obtendo o apoio da Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) e Comisións Obreiras, quedando pendente a convocatoria por parte da conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez.

*Consultar en Internet:
bit.ly/SLGvsEólicosLeste
bit.ly/SLGvsEólicosMariñasMandeo

MINAS ▸ Até agora, denegóuselle á empresa o permiso de explotación grazas á presión da cidadanía

O SLG pídelle á Xunta a caducidade definitiva do proxecto Alberta I na Serra do Suído

O SLG solicitou á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais a "*caducidade do dereito mineiro Alberta I* (...) *nos termos municipais de Cerdedo-Cotobade, Forcarei, A Lama (Pontevedra), Beariz e Avión (Ourense), a cancelación da inscrición no correspondente rexistro e a súa declaración como terreo franco e non rexistrable*".

Esta acción foi un paso máis na oposición que dende o SLG lle vimos facendo a este proxecto dende que comezamos a informar del a finais de 2013.

Grazas á oposición de veciñanza e colectivos coordinada dende a Plataforma SOS Suído-Seixo, forzouse á Xunta a denegarlle o permiso de explotación á empresa Recursos Minerales de Galicia S.A., filial do grupo empresarial SAMCA. Tras esta denegación, e demostrado o forte impacto que tería a explotación do proxecto, pedimos que a Xunta declare caducada a concesión.

SERVIZOS ▸ A proposta sindical acadou o apoio dos partidos políticos e da Consellaría de Política Social

O SLG da Terra Chá pide un plan de centros de día para Vilalba a cargo dos Next Generation

Dende o SLG da comarca da Terra Chá, pedíuselle ao presidente da Xunta e á Consellaría de Política Social a elaboración dun plan de dotación de centros de día para Vilalba. O plan incluiría, ademais, servizos de coidados para persoas maiores en todas aquelas parroquias cuxos indicadores de poboación así o recomendasen. Para poder financiar esta iniciativa, existen partidas específicas nos Fondos de Recuperación Next Generation.

A acollida da proposta obtivo o apoio de varios partidos políticos con representación municipal e mesmo da conselleira de Política Social, Fabiola García, que nunha carta dirixida á secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, afirmou que "*...tan pronto como dispoñamos dos fondos europeos, sentarémonos xunto ao Concello de Vilalba a explorar todas as vías de colaboración para construír un centro de día nesa localidade*".

NEXT GENERATION ▸ No grupo creado pola Xunta para xestionar os cartos entrou a regasificadora Reganosa

Protestas para evitar que industrias contaminantes leven fondos europeos

Xunto ao Goberno de Feijóo estarán tamén neste consello para decidir que se fai cos cartos de Europa Abanca e Sogama

A Coordinadora Galega por un Reparto Xusto dos Fondos Europeos -da que forma parte o SLG-xunto co Comité Cidadán de Emerxencia para a Ría de Ferrol, concentráronse diante de Reganosa, a industria do gas fósil de Galiza, o 24 de abril, para denunciar a falta de transparencia e a ausencia de participación pública no reparto dos fondos europeos de recuperación Next Generation.

Segundo as organizacións convocantes, malia que queda moito por saber sobre como se van repartir os fondos europeos Next Generation e a que modelo de recuperación post-covid van dirixidos, existe unha indignante ausencia de participación da sociedade civil e unha enorme opacidade no referente aos mesmos. "*Todo apunta a que as grandes beneficiadas van ser grandes corporacións e elites económicas. Porén, as contrapartidas en forma de reformas laborais e de pensións pagarémolas todos e todas. Se pagamos todas, decidimos todas*", afirmou Isabel Vilalba, secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego.

No medio da opacidade existente na asignación de fondos e proxectos, a Xunta creou unha sociedade con Reganosa, Abanca e Sogama destinada á planificación estratéxica de iniciativas, pero que exclúe a sociedade civil. Para a Coordinadora, as tres empresas constitúen modelos moi controvertidos e representan a peor faciana da colaboración público-privada.

Especialmente preocupante é o caso de Reganosa, unha empresa participada pola Xunta, con cinco sentenzas en contra



As protestas culminaron cunha concentración diante dos depósitos de gas

do Tribunal Supremo, sen autorización administrativa, emprazada nun lugar de risco para a poboación e que co seu sistema de regasificación a base de hipoclorito contribúe á actual crise ambiental e de produción da ría de Ferrol.

Fronte aberta tamén no Consello Galego de Benestar

As vogais do SLG no Consello Galego de Benestar, Margarida Prieto e Ana Eiras, solicitaron, o 6 de abril, a convocatoria urxente dun pleno extraordinario do para que se informe en que fase se atopa o novo modelo de residencias no que a Consellaría de Política Social estaba a traballar; e sobre os trinta proxectos que a conselleira, Fabiola García, anunciou que se van financiar cos fondos europeos de recuperación.

Esta petición fíxose a raíz de saber que un dos eixes nos que se centra o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia deseñado pola Presidencia do Goberno de España, en outubro de 2020, é o dos servizos sociais e os coidados.

MINAS ▸ Non se lle concedeu licenza de explotación por ter a Declaración de Impacto Ambiental caducada

A Xustiza falla contra Erimsa no seu litixio contra o Concello da Pastoriza e o Sindicato Labrego

A sala segunda do Tribunal Contencioso Administrativo de Lugo ditou, o 20 de abril, unha sentenza pola que desestima o recurso presentado pola mineira Erimsa contra a denegación do permiso de explotación do proxecto Alicia 5917 por parte do Concello da Pastoriza; e contra o SLG, que se persoou no proceso como parte interesada en 2009.

O Concello da Pastoriza denegou o permiso de explotación na concesión Alicia 5917 -que afecta a Abadín, Castro de Rei, A Pastoriza e Vilalba-, alegando que a Declaración de Impacto Ambiental (DIA) caducara (databa do ano 2005) e que o informe da Consellaría de Medio Rural era negativo ao pretender realizarse as extraccións en solo rústico de especial protección agropecuaria no que houbo concentracións parcelarias. A maiores, impúxoselle o pagamento das costas do proceso xudicial á compañía mineira.

DEREITOS ▸ Esiximos a retirada dun requisito ilegal e do patrocinio de empresas privadas dun servizo público

O SLG denuncia a vulneración da Lei de Protección de Datos co carné de familia numerosa

No Sindicato Labrego recibimos queixas de familias afiliadas diante do uso interesado que a Consellaría de Política Social está a facer da tarxeta de familia numerosa para lucro de Abanca e Gadisa.

Para empezar, no propio impreso que cómpre encher para solicitar as tarxetas do carné familiar, existe un apartado que di, textualmente: "*As persoas asinantes quedan informadas e AUTORIZAN o tratamento dos datos que ABANCA e GADISA* (...) *requiren co obxectivo de emitir as tarxetas e de comunicar as ofertas e as vantaxes do carné familiar*".

Isto vulnera a Lei de Protección de Datos, xa que non informan axeitadamente do uso que se vai facer dos datos persoais nin se dá a opción de non autorizar a súa cesión ou o seu uso por terceiros.

Dende o SLG pedimos aclaracións, e a retirada deste requisito ilegal e dos patrocinios privados dun servizo público.

CONMEMORACIÓN ▸ En lembranza do masacre de 1996 no que asasinaron 19 Sem Terra no Pará (Brasil)

25 anos celebrando o Día Internacional das Loitas Labregas polo 17 de abril

A soberanía alimentaria dos pobos segue a ser a principal demanda de La Vía Campesina nesta data que xa ten alcance global

Este 17 de abril cumpríronse 25 anos do masacre no municipio de Eldorado dos Carajás (Pará, Brasil) que as organizacións que formamos parte de La Vía Campesina lembramos dende aquela nesta data. Ese día foron asasinadas 19 persoas entre 1.500 labregos e labregas Sem Terra (MST) que se mobilizaban para reivindicar a reforma agraria e esixir a expropiación de latifundios para producir alimentos. O masacre foi perpetrado pola policía. Só dous dos 144 axentes involucrados nos feitos foron condenados, pero dende 2018 gozan de prisión domiciliaria. Un deles, o coronel Pantoja, vén de morrer pola Covid-19 a finais de 2020.

Dende 1997, La Vía Campesina toma esta data para reivindicar as loitas labregas en todo o mundo. A maiores, no ano 1996, foi acuñado o termo "soberanía alimentaria" tamén por parte de La Vía Campesina, comenzando a gañar terreo en diversos espazos de discusión e negociación de sistemas alimentarios, como o Cumio Mundial da Alimentación dese ano.

Como estableceu a Declaración de Nyéléni, en 2007, as labregas e os labregos "*somos quen e temos a vontade de alimentar todos os pobos do mundo*". Esta declaración establece que a soberanía alimentaria é un dereito dos pobos a alimentos nutritivos e a decidir sobre o seu sistema alimentario. Ademais, pon os produtores e as produtoras locais no centro, reclamando que o acceso á terra, á auga, á biodiversidade, estean en mans de quen producen alimentos.





Dúas imaxes dos funerais nos que se deu sepultura aos 19 Sem Terra asasinados o 17 de abril de 1996 en Eldorado dos Carajás. 25 anos despois, dos 144 policías implicados na matanza, só dous foron condenados, en arresto domiciliario dende 2018. Os políticos que ordenaron o masacre seguen impunes.

BUROCRACIA ▸ As persoas beneficiarias e convivintes terán obriga de presentar a declaración da renda

Nova obriga burocrática para lastrar aínda máis a quen perciben o Ingreso Mínimo Vital

O Sindicato Labrego Galego denunciou unha nova agresión do Goberno do Estado contra os colectivos máis vulnerábeis. Neste caso, contra as persoas que cobran o Ingreso Mínimo Vital (IMV), a quen lles están obrigando a presentar a Declaración da Renda, tanto aos homes e mulleres que perciben este subsidio como a todas as persoas que conviven con eles e elas, incluídas as menores de idade.

Desta maneira, estáselles impoñendo unha nova obriga burocrática a un segmento de poboación dos máis vulnerábeis e que persoas en situación semellante (por exemplo, quen cobran un subsidio de desemprego ou a renda de inclusión social de Galiza), non teñen.

Para o Sindicato Labrego Galego, esta obriga supón un claro agravio comparativo, ademais dun maltrato a unha parte da poboación que xa ten problemas abondo como para ter que encerellarse nesta nova lea burocrática, amén de ter que gastar -na maioría dos casos- cartos nos servizos dunha asesoría que lles cumprirían para outros usos máis perentorios.



Ademais, esta obriga dá de cheo no colectivo das mulleres con menos recursos (que son maioría á hora de cobrar o IMV), que verán aberta aínda máis a fenda de desigualdade económica que as afasta do resto da sociedade.

PAC DISCRIMINATORIA ▸ Os indicadores amosan desigualdade entre beneficiarios e beneficiarias da PAC, pero o novo Plan Estratéxico non fai nada por solucionala

O SLG pide entrevistas con Montero e Planas para atallar o machismo da PAC

O importe medio das axudas redúcese case á metade nas mulleres con respecto dos homes, 6.059 € fronte a 3.851 €

A Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego rexistrou, o 30 de marzo, senllas cartas dirixidas ao ministro de Agricultura, Luís Planas, e á ministra de Igualdade, Irene Montero, para denunciar elementos discriminadores das mulleres na reforma da Política Agraria Común (PAC) que se está a deseñar para o Estado Español.

O certo é que os datos que se presentan no documento de partida relativos á presenza de mulleres no sector son desoladores. Por exemplo, a proporción entre xefes e xefas de explotación é de 77,37% no caso dos primeiros e o 22,63% para as segundas. Das persoas beneficiarias da PAC, o 62,85% son homes e o 37,14 % mulleres, fenda que se repite no importe cobrado, cunha media por axuda de 6.059 € para os varóns e de 3.851 € para elas.

Noutros parámetros como o número de mulleres beneficiarias da reserva nacional, representación das mulleres nos distintos órganos de dirección de cooperativas ou empresas agrarias, etcétera, abondan aínda máis na fenda de xénero.

A pesar duns datos tan negativos, coa reforma da Política Agraria Común, en cuxo Plan Estratéxico está a traballar agora o Ministerio de Agricultura, poderíanse desenvolver medidas para reducir esta flagrante desigualdade. Lonxe diso, o Ministerio de Agricultura, no documento "*Obxectivo 7. Atraer aos mozos agricultores e facilitar o desenvolvemento empresarial nas zonas rurais. Perspectiva de xénero e despoboamento*", inclúe aspectos que abondan na desigualdade:



Isabel Vilalba Seivane e María Ferreiro foron as encargadas de rexistrar as cartas enviadas aos ministerios de Agricultura e de Igualdade

- Emprega linguaxe masculina e non inclusiva.
- As mulleres aparecen moi poucas veces soas, como "*mujeres rurales*". A maioría das veces aparecen no grupo de "*mujeres y jóvenes*"
- Tanto nos documentos de partida e de necesidades; como no documento de debilidades, fortalezas, ameazas e oportunidades (DAFO); os modelos a pequena escala, con menos investimentos e pouco endebedados -maioritario entre as mulleres-, preséntanse como debilidade, cando son unha fortaleza.
- Analizando as nove necesidades no "Obxectivo 7", só se dedica especificamente a 8ª ás mulleres rurais, incidíndose nas cuestións que se detectan como debilidades: Máis tamaño físico da explotación, promover entre as mulleres orientacións máis grandes, máis investimentos...
- As medidas que se propoñen no documento de necesidades non deixan de ser unha simple declaración de intencións para mellorar a representatividade feminina.

Se vemos o resto de documentos sobre a PAC, todo o que está propoñendo o Ministerio de Agricultura relativo á axuda básica á renda para a sostibilidade, á axuda complementaria á renda, aos ecoesquemas e incluso ás axudas asociadas, vai encamiñado, precisamente, a granxas e explotacións cunha dimensións en hectáreas e número de animais que non son as que están xestionadas maioritariamente por mulleres.

Unha axuda redistributiva para evitar calquera tipo de discriminación

Diante desta situación, e aproveitando que aínda se está traballando no Plan Estratéxico da PAC, a Secretaría das Mulleres solicitou entrevistas co ministro de Agricultura, Luís Planas, e coa ministra de Igualdade, Irene Montero, para demandarlles a incorporación ao Plan Estratéxico da PAC dos seguintes puntos:

1. Mecanismos que permitan mellorar as condicións de acceso das mulleres á axuda básica á renda e ao resto das axudas do primeiro piar.

2. Igualar os importes que perciben as beneficiarias e os beneficiarios. Se "*o pago por hectárea que reciban dous agricultores ou gandeiros que afrontan as mesmas condicións produtivas debe ser o mesmo*" necesitamos saber que se prevé para que as granxas con poucas hectáreas, pero con 1 ou 2 UTAs que viven exclusivamente da agricultura ou da gandería, nas que as mulleres están máis representadas, se poidan igualar na contía da axuda básica á renda con respecto ás que teñen máis hectáreas.

3. Unha axuda redistributiva que permita corrixir os desequilibrios dos importes entre beneficiarias e beneficiarios.

4. Establecer nas axudas do 2º piar intensidades de axuda superiores, criterios que prioricen as mulleres e non subvencionar a colectivos, empresas ou cooperativas que teñan na súa base mulleres pero non estean nos seus órganos de dirección.

FORMACIÓN ▸ Visitáronse proxectos produtivos e de comercialización como Cultivos Miñotos, O Alcouve da Moura, Lacena, Aves do Concello, Don Gabino ou Sensucre

Do Baixo Miño á Terra Chá con dúas novas edicións das Xornadas de Granxas Abertas

A oitava edición tivo unha vertente máis técnica ao organizar o programa centrándoo en aspectos hixiénico-sanitarios

Apenas no transcurso dun mes, a mocidade do Sindicato Labrego Galego organizou dúas novas edicións das Xornadas de Granxas Abertas nas comarcas do Baixo Miño e da Terra Chá.

A primeira delas foi o 26 de marzo. Nela, visitouse pola mañá **Cultivos Miñotos**, unha SAT especializada en froita que foi creada en 2016 por catro socios. Na actualidade, xestiona dúas hectáreas de cultivo de aguacate e dez hectáreas dedicadas a mazá para sidra.

No ecuador da xornada, tocoulle a **O Alcouve da Moura**, unha cooperativa de horta ecolóxica que aposta pola venda directa a través de cestas. Xa pola tarde, coñecemos o comercio "**Lacena, comida espida**" onde se venden alimentos a granel. É o primeiro supermercado da provincia de Pontevedra onde todo, dende o arroz ao aceite, se vende a peso, mesmo produtos de hixiene persoal e limpeza do fogar, todos biodegradables e sen fosfatos.

Finalmente, e para rematar a sétima Xornada de Granxas Abertas, tocoulle á **Comunidade de Montes de Santa Mariña do Rosal**, onde combinan a produción madeireira coa cría de cabuxas e están comezando a recoller resina, dando traballo a 14 persoas.


Unha vintena de persoas participou na xornada celebrada no Baixo Miño

Afondando na normativa hixiénico sanitaria para achegala ás producións labregas

O 30 de abril, celebrouse a VIII Xornada de Granxas Abertas na Terra Chá. Desta vez, o programa estivo centrado na nova normativa hixiénico sanitaria que posibilita algunhas producións alimentarias artesanais. Para iso, visitouse a **granxa de avicultura artesanal Aves do Concello**, en Vilalba; a **queixería Don Gabino**, en San Simón da Costa; e o **obrador Sensucre**, en Cabreiros (Xermade).



A elección destes proxectos respondeu a que consideramos da máxima importancia e urxencia que a normativa hixiénico sanitaria -polo de agora consistente nun real decreto introdutorio aprobado en 2020 (RD 1086 / 20201)- se flexibilice para as pequenas producións labregas.

Un bo exemplo de flexibilización sería contemplar a posibilidade de contar cun rexistro único por granxa con alta en varias producións alimentarias á vez, de maneira que non se deixe marxinadas as explotacións multifuncionais que traballan con varias producións alimentarias a un tempo, como a maioría das galegas ou das que seguen modelos agroecolóxicos.

"*É fundamental que a normativa hixiénico-sanitaria se adapte a este tipo de producións*", explica a técnica do SLG, Conchi Mogo, responsábel de coordinar a actividade, "*e que estes proxectos poidan obter o valor engadido que supón poñer no mercado produtos transformados de gran calidade, así como que as persoas consumidoras poidan acceder a estes alimentos, fomentando coa súa compra a economía local e contribuíndo a reducir a pegada de carbono ao optar por produtos de preto que non requiren grandes rutas de transporte*".

Para o SLG, a normativa que desenvolva o RD 1086 / 2020 para regular as producións artesás de alimentos debe xurdir dun proceso de traballo colectivo, onde todos os actores deben ter o seu papel, tanto as autoridades sanitarias competentes como as persoas labregas. Porén, o Estado Español é un dos membros da Unión Europea con máis atraso na aplicación de flexibilidade da normativa comunitaria. Neste senso, cómpre lembrar que moitos países membros da UE levan dende 2006 aplicando criterios para regular as producións alimentarias artesanais que aquí comezamos a regular aínda o ano pasado, pero que aínda non se conseguiu levar á práctica.

Agora mesmo, consideramos fundamental a formación do control oficial para que se poida aplicar correctamente o RD 1086 / 2020 nos diversos territorios do Estado, e para que se diferencien claramente as producións industriais das pequenas producións labregas e artesás.

Programa de rexeneración urbana e rural no ámbito da ARI da Ribeira Sacra

Vén de abrirse o prazo para presentar a documentación necesaria de cara a obter a cualificación definitiva para participar no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural previsto no Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021, no ámbito da área de rehabilitación integral (ARI) da Ribeira Sacra.

O prazo de presentación de solicitudes para obter a cualificación provisional e a cualificación definitiva xa está aberto e finalizará o **31 de decembro**.

Axudas a fill@s de vítimas da violencia de xénero e mulleres graves por agresións machistas

Poderán ser beneficiarias destas axudas as fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como aquelas mulleres que resultasen gravemente feridas, con lesións que requiran hospitalización, como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero, que no momento dos feitos residan en Galiza.

Trátase dunha axuda directa co obxecto de garantir que o feito causante (morte da nai ou lesións graves, por mor dunha agresión por violencia de xénero) supoña un menor prexuízo económico para os fillos e fillas orfos, e para as propias vítimas gravemente feridas.

O prazo para solicitadas estará aberto até o 30 de novembro.

Axudas para paliar os danos producidos polo xabaril

O importe máximo por persoa beneficiaria establécese en 2.000 euros.
Prazo: a) Para os danos comunicados entre o 11 de outubro de 2020 e o 12 de xaneiro de 2021, o prazo de presentación será até o 12 de febreiro.

b) Para os danos comunicados despois do 12 de xaneiro, o prazo de presentación da solicitude de axuda será dun mes contado desde o día seguinte ao da comunicación do dano ao teléfono 012.

Axudas para paliar os danos producidos polo lobo

Prazos: **a)** Para os danos comunicados entre o 1 de outubro de 2020 e o 12 de xaneiro de 2021, o prazo de presentación será até o 12 de febreiro.

b) Para os danos ocasionados despois do 12 de xaneiro de 2021, o prazo de presentación será de 1 mes contado desde o día seguinte ao da comunicación do dano.

Axudas para a rehabilitación enerxética en casas e edificios

Axudas para: **a)** mellora da eficiencia enerxética da envolvente térmica; **b)** mellora da eficiencia enerxética e uso de enerxías renovables nas instalacións térmicas de calefacción, climatización, refrixeración, ventilación e auga quente sanitaria; e **c)** mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación.
Prazo: 31 de xullo.

Axudas para paliar os danos ocasionados polo oso pardo

Axudas destinadas a compensar os danos ocasionados polo oso pardo desde o 1 de xaneiro de 2021 até o 30 de setembro de 2021. Cómpre comunicar antes de tres días o dano no teléfono 012.

Cobertura de indemnizacións por violencia machista

Poderán ser beneficiarias destas axudas de indemnización as mulleres, maiores de idade ou emancipadas, vítimas de violencia de xénero e todas as persoas que dependan económica e/ou asistencialmente dunha muller que sofra violencia de xénero. Máximo de 6.000 euros por cada persoa beneficiaria, excluídos xuros de mora.
Prazo: 30 de novembro

Prestación periódica a mulleres vítimas da violencia machista

Poderán ser beneficiarias destas axudas as mulleres maiores de idade ou emancipadas, vítimas de violencia de xénero nunha relación de convivencia e de dependencia económica do seu agresor, ou no caso de vítimas de trata con fins de explotación sexual, de dependencia da persoa que mantiver sobre ela unha relación de dominación. As axudas van desde 200 €/mes a 800 €/mes; e ata un máximo de doce mensualidades.

Prazo: O prazo de solicitude está aberto permanentemente.

Indemnizacións por sacrificio de animais e axudas de reposición

Indemnizacións polo sacrificio obrigatorio ou morte de animais, ou pola destrución de produtos, no marco de programas ou actuacións oficiais de vixilancia, loita, control ou erradicación de enfermidades animais, e pola morte de animais no contexto das medidas de execución de actuacións sanitarias oficiais. Compleméntanse con axudas para repoñer os animais mortos.
Prazo: 30 de novembro de 2021

14 DE XUÑO: MANIFESTACIÓN EN LISBOA EN DEFENSA DUNHA PAC LABREGA

Con motivo da xuntanza do Consello de Ministros e Ministras de Agricultura da Unión Europea en Lisboa (Portugal), o 14 de xuño, o Sindicato Labrego Galego fretará un autobús gratuíto dende Galiza para asistir e apoiar a manifestación en defensa dunha Política Agraria Común labrega.

Se queres vir ti tamén, tes que anotarte **antes do 9 de xuño** cubrindo o formulario que atoparás na base deste anuncio. Se precisas máis información, podes realizar a túa consulta en:

981 554 147

nacional@sindicatolabrego.gal

https://forms.gle/eVnStN5fbWZ7dAHJ8

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese
-Enroladora Welger en Cospeito.
☎982 505 755 (Salustiano)

Véndense
-Cabras.
☎981 446 501

Véndense
-Vacas galegas preñadas en Abadín (Lugo).
☎982 508 249 / 633 360 884

Véndense
-Tanque de 1.600 litros.
-Circuíto Manus trifásico de 6 puntos con lavado automático e pulsación electrónica.
En Vilarmaior (A Coruña)
☎619 521 685 (Rosa)

Véndese
-Autocargador.
☎626 686 509 (Cándido).

Véndese
-Desbrozadora ACMA. Desprazamento lateral. 1,60 metros de traballo de rolete traseiro.
En Lugo.
☎686 868 829

Véndense
-Tanque Packo de 1.000 litros.
-Rotoempacadora Morra.
☎669 983 716 (Lola)

Véndese
-Tractor Kubota de 77 CV, ano 2003. En Láncara (Lugo).
☎669 142 484

Véndese
-Desensiladora Khun usada, en perfecto estado.
☎629 324 129

Véndense
-Cisterna Moga de 8.000 litros.
-Ringleirador Class 390S.
☎648 611 395 (Fernando)

Véndense
-Empacadora Riviere Casalis RC42.
-Ensiladora de millo SIP 80BP, de un rego marca SIP 80BP.
Todo en bo estado e funcionando
☎636 517 812

Véndense
-Tractor New Holland TM155, con emisora.
-Arado Khun de 4 regos.
-Fresa.
Na zona de Paderne-Betanzos.
☎659 479 657 (Toñito).

Véndese
-Castrón de raza galega (6 meses) para recría. Criado en liberdade con pasto natural en Granxa Candelago - Corme (Ponteceso). Prezo: 150 € ou intercambio por femia de raza galega.
☎665 812 444 (Estefanía).

Véndense
-Alpacas grandes de herba seca.
-Tanque de frío de 1.400 litros.
-Desensiladora.
En Forcarei (Pontevedra).
☎648 061 993

Véndese
-Desensiladora con poldro e estendedor que vai como barrena. Prezo a negociar. Nas Somozas.
☎606 739 438

Véndese
-Casa de pedra para restaurar con patio. 50 m^2. Económica, en zona urbanizable (Ponteareas).
☎657 844 188

Véndese
-Estrutura de invernadoiro de 750 m2.
-Instalación de fertirrigación.
En conxunto ou por partes. Prezo a negociar. En Ponteareas.
☎657 844 188

Véndense
-Autocargador Campeva, con documentación ao día. En Monfero (A Coruña).
☎686 790 735
(Xosé Antonio).

Véndense
-Tractor John Deere 2135.
-Grade marca Ebro.
-Vertedeira marca Gómez 3 pas rev.
-Sementadora T. Solano Horizonte.
-Remolque de metal Unión de 8.000 Kg.
-Cultivadores.
-Mosquitos.
-Fuso para fender leña.
-Tractor Massey Ferguson 147.
-Vertedeira Ebro B2 de 2 pas.
-Abodadora Vicon de 500 Kg.
-Remolque Imaco 2.500 Kg.
-Segadora de tractor.
-Arrincadora de patacas de 2 regos.
-Cinta transportadora de patacas.
☎650 019 275

Véndese
-Viño branco do Rosal, Condado e Albariño.
☎622 485 349

Véndese
-Segadora rotativa de tambores con botella de elevación, con 1,90 de corte. Marca Niemeyer. En moi bo estado. Prezo: 1.400 euros. En Rois (A Coruña).
☎649 565 136

Véndense
-4 ovellas de raza galega. En Tordoia (A Coruña).
☎634 627 875

Véndese
-Herba seca en Santa Cristina (Cospeito).
☎982 505 755

Véndese
-Silo. Zona de Oza dos Ríos.
☎670 895 789

Véndese
-Máquina de limpar cereais. O Corgo.
☎648 718 864 (Juan Manuel)

Véndese
-Bolos de herba seca.
-Tractor John Deere.
-Cargador Galagri.
Todo en bo estado e con documentación.
☎605 642 666 (Milio)

Véndese
-Arpa eléctrica antivelutina, con panel fotovoltaico, cinco metros de cable eléctrico e dúas trampas eléctricas Diana antivelutina.
Todo por 90€.
☎606 192 085

Véndese
-Arpa eléctrica antivelutina, con panel fotovoltaico, cinco metros de cable eléctrico e dúas trampas eléctricas Diana antivelutina. Todo por 90 €.
☎606 192 085

Véndese
-Dúas xovencas de raza frisoa. Prezo negociable. Zona de Cabanas.
☎981 446 501

Véndese
-Granxa de porcino na zona de Os Blancos (Ourense)
☎645 011 240

Véndese
-Carro de cabalo completamente novo, con todos os aparellos.
☎981 788 202

Véndese
-Planta de arandos en ecolóxico. Procedente de nais de 5 anos con certificación do Craega. Na Comarca de Compostela.
☎616 229 380 (Rosa)

Véndese
-Viño de Barrantes.
☎986 689 486

Véndense
-Dúas vacas e un boi de sete anos. Prezo a tratar.
☎670 895 789

Véndese
-Tanque PACKO de 1.500 l.
-Estendedor de silo en rolete, en bo estado.
-Desinsiladora.
-Arado antigo de vertedeira para decoración.
-Mel.
En Vilardemouros (Meira).
☎982 330 623 / 662 471 382

Véndese
-Autocargador-picador de 2 eixes hidráulico en bo estado.
☎667 469 962

Véndense
-Vacas de carne con algunhas crías. N'As Pontes. Por xubilación.
☎600830624 (Xabier)

Véndense
-Rolos de herba seca. 50 unidades da campaña 2020.
-Patacas do país.
☎ 680 107 271 (Xosé Manuel)

Véndese
-Véndese Tractor Same 120CV
-Desensiladora Fella.
-Tractor Barreiros (antigüedade)
☎982 183 019 / 628 785 466

OUTROS

Búscase
-Traballo en explotacion na zona sur de Lugo, en calquera sector. En xornada completa, por días ou por horas.
☎600 716 750





Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

MANIFESTACIÓN - 14 XUÑO 2021

IMOS A LISBOA!

Esixir unha PAC máis xusta e solidaria!
Dicir NON a esta PAC
Defender a agricultura familiar e o mundo rural

Máis información

FOUCE 334
Maio-Xuño 2021

sindicato labrego galego
comisións labregas

O Pazo de Liñares, en Lalín, será o escenario que acolla o Congreso do Leite do Sindicato Labrego Galego o 11 de xuño. Mentres se seguen a celebrar as asembleas comarcais preparatorias, non podemos eludir o feito de que o sector lácteo galego -diante de cuestións como o cambio climático, o esgotamento do petróleo ou a escaseza de terra agraria- se atopa nunha encrucillada na que o labor do Sindicato Labrego Galego vai ser fundamental de cara á dirección que debería tomar nos vindeiros anos.

Congreso do Leite do SLG: O sector lácteo na encrucillada



De acordo cos datos do Fondo Español de Garantía Agraria (Fega), en febreiro de 2021 quedaban na Galiza 6.694 granxas de leite (de 2015 a 2020, pecharon máis do 25% das explotacións; no comezo da década de 2010, tiñamos ao redor de 12.000). O peche constante de explotacións, debido ás dificultades propias do sector e a falla de relevo xeracional, estannos levando cara a un modelo produtivo no que cada vez máis produción se concentra en menos mans (dende 2001, incrementamos a produción nun 58,9%). Sería viable se houbese dispoñibilidade de terra abondo para dotar as granxas de base territorial, pero a permisividade da Xunta coa forestación ilegal de terras agrarias fai que Galiza sexa un dos territorios da Unión Europea con menor superficie agrícola: En torno ao 20% fronte a unha media do 40%. A falta de terras e o incremento produtivo das granxas que van quedando fan que o modelo predominante camiñe cada vez cara a unha maior intensificación e, polo tanto, cara a unha maior dependencia de insumos do exterior, o que nos fai especialmente vulnerables. Nos vindeiros anos, é previsible que a escaseza de petróleo se traduza nun notable incremento no prezo do millo e da soia importados, dos abonos nitroxenados, do carburante necesario para traballar as terras e transportar as produción... Incremento constante de custes de produción co prezo para o leite en orixe máis baixo do Estado e un dos máis baixos de Europa: O conflito está servido.

A isto habería que engadir que nos atopamos nun período transitorio cara a unha nova PAC na que as obrigas para poder acceder ás axudas van ser cada vez maiores, sobre todo en relación coas emisións de gases con efecto invernadoiro (GEI) e co gando vacún no punto de mira. Haberá que traballar duro para virar esa visión negativa e interesada, que mete no mesmo saco a gandería extensiva -beneficiosa para arrefriar o planeta e diminuír a emisión de GEI- e a gandería intensiva e sen terra, especialmente en sectores como o porcino ou o avícola.

No relatorio do Congreso do Leite, fálase polo miúdo de todo isto, ademais doutras problemáticas e desafíos que van dende a Lei da Cadea Alimentaria ou o proceso xudicial iniciado contra o Cártel do Leite, até os danos da fauna salvaxe, as relacións coa industria e os contratos, ou o decreto para a nutrición sostible do solo agrario, por citar algunhas das cuestións tratadas máis relevantes. Sobre todo isto falaremos e debateremos no Congreso, e sobre eses temas terá que traballar a nova Dirección do Leite que elixa a afiliación.

Dende o SLG seguimos defendendo un modelo "*respectuoso coas persoas, os animais e o medio que ocupan, cuxa finalidade principal sexa producir alimentos de calidade cun prezo xusto e camiñar cara á Soberanía Alimentaria. Pero tamén queremos un modelo que sexa unha ferramenta útil na custodia do territorio, da cultura e da paisaxe, que non prexudique o medio ambiente e que sirva de freo fronte á invasión de megaproxectos invasores de carácter destrutivo e especulativo que acabarían coas nosas granxas e coa vida no rural. En definitiva, un modelo social que aposte pola fixación de poboación no rural en contraposición á gandería entendida como unha actividade absentista*".

Para camiñar cara a este modelo e non cara a outro só temos unha ferramenta na Galiza: O Sindicato Labrego Galego. Fronte a ambigüidade, a especulación e o produtivismo a calquera prezo que defenden a Xunta e outras organizacións agrarias; o modelo defendido polo Sindicato Labrego só comezará a callar se somos quen de introducir a nosa alternativa nos debates e nos foros onde se toman decisións ao respecto. E, para iso, precisamos coller folgos nesta nova cita congresual e saír dela coa forza e o pulo necesarios para defendermos a produción de leite como un dos principais factores vertebradores e de sostibilidade económica, social e ambiental do noso medio rural e da Galiza.